



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de febreiro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

**Invitados**

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de febreiro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(123).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 1 de febreiro e extraordinaria e urxente do 5 de febreiro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(124).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS (RELACIÓN 1/2018). EXPTE. 11264/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 8/02/18, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría Xurídica as seguintes resolucións xudiciais:  
XGL relación 1/2018

1.- Providencia do 5 de decembro de 2017

Expediente nº 9725/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Dereitos fundamentais: 197/2016

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da petición do dereito de acceso a datos persoais formulada o 26/02/2016

Esta Providencia inadmite o Recurso de Casación por falta de cumprimento dos requisitos de fondo, sen imposición de custas.

A Área de Recursos Humanos e a Xefatura da Policía Local deben coñecer do resolto

2.- Sentenza do 25 de xaneiro de 2018

Expediente nº 9994/111

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 734/2016

Obxecto: Reclamación de cantidades

Esta sentenza, na liña das anteriormente dictadas con relación a esta relación de asuntos, estima o recurso de suplicación interposto pola contratista, e condena exclusivamente á anterior contratista e á súa Administración concursal ao pagamento das cantidades adebedadas á traballadora.

O Servizo de Contratación e a Área de Fomento deben coñecer do resolto.

3.- Providencia do 8 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10037/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 434/2016

Obxecto: Resolución do TEA de data 29/04/16 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra providencia de apremio relativa ao IBI 2015

Expte(s): 29474-700

Contía: 89.159,95 €

Esta providencia, resolve a inadmisión do Recurso de Casación preparado pola TGSS contra a sentenza do TSXG, con imposición de custas á parte recurrente.

O Servizo de Inspección de Tributos debe coñecer do resolto.

4.- Sentenza do 23 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10056/111

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 759/2016

Obxecto: Reclamación de cantidades



## Concello de Vigo

Esta sentenza, estima o recurso de suplicación presentado por Mantelnor e mantendo a absolución do Concello de Vigo, condena á anterior contratista e a súa AC, xunto co FOGASA para o caso de insolvencia da condenada.

A Área de Fomento e o Servizo de Contratación deben coñecer do resolto

5.- Sentenza nº 40 do 31 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10112/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 469/2016

Obxecto: Acordo do 29-07-2016 do TEA desestimatoria da reclamación E-A, liquidación imposto incremento do valor dos terreos natureza urbana

Expte(s): 4151-550

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

A Administración de Ingresos (IIVTNU), a Inspección de Tributos e o TEA do Concello de Vigo, deben coñecer o resolto.

6.- Decreto nº 1 do 8 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10291/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 546/2016

Obxecto: Resolución de fecha 07-10-16 ditada no expediente nº 3913-550, solicitude de compensación en relación con IBI-2014.

Expte(s): 3913-550

Acepta o desestimento do demandante.

O TEA e a Administración de Tributos deben coñecer o resolto.

7.- Sentenza nº 4 do 8 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10294/111

Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra

Concurso ordinario: 418/2016

Obxecto: Concurso de acreedores

Esta sentenza desestima as pretensions do Concello de Vigo e considera que a sentenza impugnada resolveu conforme á Lei Concursal.

8.- Sentenza do 18 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10484/111

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 301/2017

Obxecto: Despido nulo ou improcedente, contrato laboral indefinido no programa util

A sentenza desestima o recurso de suplicación presentado polo Concello, impondo os honorarios do letrado contrario, por confirmar a sentenza de instancia.

A Sala considera que o despedimento é improcedente, transformado en nulo neste caso por outorgarlle unha redución de xornada á demandante.

Recursos Humanos debe coñecer do resolto ao tratarse do cesamento dunha traballadora indefinida non fixa trala celebración das probas de selección da OPE 2010/2011

9.- Sentenza nº 25 do 25 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10821/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 261/2017

Obxecto: Liquidación definitiva ditada con data 19/10/16 e resolución, confirmatoria desta, do T.E.A. de data 22/05/2017.

Expte(s): 4319-550

Contía: 965.864,31 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, anula a liquidación e declara o dereito da demandante á aplicación da exención establecida e regulada no art. 5.1.i da Ordenanza Fiscal nº 2 (IBI).

O departamento de Ingresos debe informar con urxencia sobre a interposición de recurso de apelación, sen prexuízo do estudo da redacción da norma aplicada para o futuro.

10.- Sentenza nº 17 do 15 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10876/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 314/2017

Obxecto: Resolución do 03/05/2017 ditada no expediente de responsabilidade Patrimonial, por sufrir caída no rúa Zaragoza nº 34

Expte(s): 5103-243

Contía: 880,00 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima a demanda por ausencia de nexos causal en relación aos danos corporais e materiais sufridos pola demandante. Considera a actuación municipal conforme a dereito.

Responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

11.- Auto nº 5 do 25 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10877/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 320/2017

Obxecto: Resolución da reclamación dos aspirantes ás prazas de policía local correspondentes a OEP 2010-2011, que ordena retrotraer as actuacións

Declara rematado o procedemento por desaparición sobrevida do seu obxecto.

O departamento de Persoal (RRHH) debe coñecer o resolto.

O tribunal examinador debe ser notificado desta resolución e da sentenza do recurso conexo antecedente.

12.- Auto nº 1 do 10 de xaneiro de 2018



## Concello de Vigo

Expediente nº 10913/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 339/2017

Obxecto: Desestimación por silencio da impugnación de autoliquidación polo imposto sobre incremento do valor dos terreos

Expte(s): 26166/514 - 26537/514

Este Auto declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual e ordena o arquivo.

A Administración de Tributos-Plusvalía debe coñecer o resolto

13.- Sentenza nº 15 do 15 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10952/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 350/2017

Obxecto: Resolución do 10/07/2017 (en reposición), responsabilidade patrimonial por caída na vía pública o 25/06/2015.

Expte(s): 4848 - 243

Contía: 19.643,37 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

14.- Decreto nº 33 do 19 de decembro de 2017

Expediente nº 10960/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 354/2017

Obxecto: Contra resolución sancionadora ditada o 04/07/2017 por infracción de tráfico

Expte(s): 178657243

Esta resolución accede á solicitude de desistimento da demandante e declara rematado o procedemento.

A Recadación executiva e o Servizo de Seguridade deben coñecer do resolto.

15.- Sentenza nº 8 do 8 de xaneiro de 2018

Expediente nº 10980/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 365/2017

Obxecto: Contra acordo do T.E.A. ditada o 30/06/2017 que desestima reclamación económico-administrativa

Expte(s): 3165-550 / 13679-514

Contía: 59.735,91 €

Esta sentenza, que é firme, contra a que non é posible interpoñer Recurso de Apelación en virtude do art. 41.3 da L 29/98, considera que non se produce un incremento de valor nos terreos, pola pericial aportada. A demanda estímase por esta razón, sen entrar na primeira alegación relativa á aplicación do réxime ao que se refire a DA 2 do TRLIS.

Se condena á anulación das liquidacións e á devolución da cantidade ingresada na vía de prema, xunto cos xuros legais.

O TEAC e Administración de Tributos debe coñecer do resolto.

16.- Sentenza nº 13 do 15 de xaneiro de 2018  
Expediente nº 10992/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 367/2017  
Obxecto: Resolución do 30/08/2017, RPA por danos en vehículo o 30/03/2016.  
Expte(s): 5146/243  
Contía: (Indeterminada) 183,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.  
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

17.- Sentenza nº 33 do 10 de febreiro de 2018  
Expediente nº 11059/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 403/2017  
Obxecto: Contra resolución de data 30/10/2017, sobre responsabilidade patrimonial por danos causados en vehículos  
Expte(s): 5094-243  
Contía: 9.365,47 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso promovido pola compañía aseguradora demandante e considera axustada a dereito a resolución municipal impugnada.  
A resolución inadmitiu a reclamación por danos por prescripción, ao transcurrir máis dun ano dende a alta do derradeiro dos afectados polo accidente. A concesionaria municipal e a aseguradora do Concello figuraban personadas.

Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

18.- Decreto nº 54 do 5 de febreiro de 2018  
Expediente nº 11115/111  
Xulgado do Social nº 1 de VIGO  
Ordinario: 1034/2017  
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades  
Contía: 364,00 €

Esta resolución aproba a conciliación acadada polas partes, de conformidade co art. 84.1 da Lei da Xurisdiccion Social.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.



## Concello de Vigo

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(125).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DE OBRAS DA PISTA DE SKATE, BMX E ROLLER VERT WALL EN SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 9683/446.**

Dáse conta da proposta asinada con data 8/02/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446) na seguinte orde descendente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
ZONA DE OBRA O ROSAL SLU	100,00
MECANO SPORT SL	94,88
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	92,87
ORESA SL	89,66
COPCISA	87,73
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS SA	56,58
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	44,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(126).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. EXPTE. 4925/440.**

Dáse conta da proposta asinada con data 12/02/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	93,42
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	92,92
3	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,80
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	91,93
5	ORESA, S.L.	91,89
6	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	91,75
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	91,45
8	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	90,78
9	COPCISA, S.A.	88,18
10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	85,69
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	85,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(127).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8 (ANTES F-00473-C-008). EXPTE. 7575/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 7/02/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área e pola asesora xurídica de Igualdade, que di o seguinte:

A proposta do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a Xunta de Goberno Local, en data 23.02.2017, aproba autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais con número F-00473-C-008 á usuaria identificada con DNI núm. 76821975C, atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7575/224 por un período de seis meses transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

A proposta do equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a Xunta de Goberno Local, en data 27.07.2017, autoriza unha prórroga de estancia na vivenda municipal por un período máximo de seis meses de duración a contar desde o día 04.09.2017.

A unidade familiar permanece na vivenda municipal desde o día 3 de marzo de 2017. O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada.

No informe de seguimento emitido o 5.02.2018 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a estancia desta unidade familiar na vivenda de protección municipal por un novo período de tres meses.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade propón a concesión dunha prórroga excepcional de estancia para a unidade familiar por un período de estancia de tres meses.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha segunda prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 (antes F-00473-C-008) por un período máximo de tres meses de duración a contar desde o día 4 de marzo de 2018 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7575/224.”



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(128).- PROXECTO DE REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA LINGUA. EXPTE. 1936/334.**

Visto o informe xurídico do 05/02/18, dáse conta do informe-proposta do 5/07/17, asinado pola xefa do servizo de Normalización Lingüística e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

1.- O Concello de Vigo, como administración pública galega ha, consonte co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia, facer valer a oficialidade da lingua propia de Galicia (o galego), ha velar polo respecto dos dereitos lingüísticos, ha potenciar e garantir o emprego da lingua galega en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, así como facilitar os medios necesarios para que a poboación coñeza a lingua galega.

*A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, vai máis aló á hora de deixar referido a que se vén obrigadas as administracións públicas galegas e aquelas con sede en Galicia, para lle dar cumprimento á oficialidade do galego, así como para promover a súa normalización plena na sociedade e no día a día.*

*A Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, dálle cumprimento ao referido mandato estatutario no ámbito das administracións máis achegadas á cidadanía: as corporacións locais.*

O Concello de Vigo, seguindo e para lle dar cumprimento a estes mandatos legais, aprobou no ano 1988 (publicada no BOP do 17 de maio de 1999) o *Ordenanza municipal de normalización lingüística*. Ordenanza que marca a política lingüística deste concello dende aquela.

No seu derradeiro capítulo, establecía a creación dun servizo municipal de normalización lingüística (creado no 1989) e mais dunha comisión informativa.

2.- Todo este percorrido legal foi levado a cabo por esta administración, mais é ben sabido que para acadarmos a verdadeira normalización da lingua, para termos unha certa oportunidade para desenvolver proxectos, programas e accións cumpría e cumpre ter en conta a cidadanía.

O proceso de normalización é un proceso aberto e participativo, que precisa da poboación destinataria para diagnosticar a situación de partida, achar pros e contras, procurar accións nas que nos sintamos partícipes reais non meros receptores pasivos, para avaliar, redeseñar...

O Concello vigués abriu o proceso normalizador á sociedade.

Primeiramente coa creación da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística (novembro de 1999).

Esta comisión reúne aquelas entidades, asociacións e mesmo persoas que traballan no ámbito específico da dinamización e normalización da lingua galega. (Achegamos copia do seu regulamento).

Con reunións periódicas, baixo a presidencia da ou do concelleiro de Normalización Lingüística foi, é, motor dinamizador das accións tendentes a acadar a normalización da lingua neste concello.

Con recentes incorporacións (Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, FOANPAS, A nave das ideas...) do seu seo xorden programas encamiñados a facer que toda a cidadanía poida participar de accións dinamizadoras.

Mais tamén os seus informes, acordos e propostas son dirixidos á propia administración local, na advertencia de recuamentos á hora de se erixir como referente na normalización da lingua, incumprimentos da OMNL, queixas e suxestións.

En sesión plenaria de 29 de decembro de 2003, apróbase a creación do Consello Social da Lingua. (Achégase regulamento).

Consello que había ser “o órgano que o concello ten para o seu asesoramento, consulta e participación na política lingüística e conseguir que o galego sexa usado decote pola práctica totalidade da poboación viguesa.

A súa era unha composición formal na que apenas estaban presentes as e os representantes da dinamización da lingua galega.

3.- A práctica observada dende uns anos para atrás é a que segue:

-Convócanse ambas as dúas entidades, con practicamente a mesma orde do día, nun intervalo curto de tempo, entre a unha e a outra

-Participan máis representantes da Comisión Cidadá de NL cá do Consello Social. Neste caso mesmo, houbo varias sesións nas que non se acadou o quorum preciso

- Constatamos que as representacións das entidades que están na comisión cidadá, tamén acoden ao consello social

-Hai entidades no consello social, que só estiveron presentes no pleno de constitución

Ante tal situación, a concellaría de NL, ten solicitado o debate, análise e aprobación dunha proposta que levase a reorganizar estas dúas entidades nunha soa. Mais coa seguinte condición: que non se anulase a presenza, no órgano resultante, daquelas entidades que dende o ano 1999 veñen traballando no seo da comisión cidadá de normalización lingüística.

No pleno do Consello Social do día 5 de maio de 2014, acórdase o seguinte:

“reducir a un único organismo, fusionar a CCNL a este CSL, xa que se está vendo que a presenza a este consello non é a desexada”.



## Concello de Vigo

Na xuntanza do Comisión Cidadá de NL do día 1 de decembro de 2014, a presidenta desta e concelleira de normalización lingüística, Isaura Abelairas Rodríguez, expón o trabado e acordado no pleno do CSL do 5 de maio.

As persoas asistentes a esta xuntanza debateron sobre esta necesidade, e aprobaron esta solicitude.

Somos conscientes de que, como xa indicabamos, o proceso de normalización da lingua galega, ha ser un proceso participado, consensuado e no que a poboación teña tamén a posibilidade de participar de xeito activo nos procesos de acción dinamizadores.

Por todo iso, non poden nin deben nin han de desaparecer as canles de participación dos que o Concello de Vigo se dotou para que as e os vigueses participesemos no deseño do *Plan de dinamización lingüística* (aproboado no Consello Social da Lingua no ano 2006) nin de accións futuras que precisamos para avanzarmos nestes nortes compartidos. Sobremaneira nesta datas e cos recentes datos que alertan dunha caída de galegofalantes nas cidades, e por suposto, na nosa cidade de Vigo.

Asemade, o propio Concello no seu *Regulamento de participación cidadá* arbitra cales han ser os órganos específicos habilitados para canalizar a participación das e dos vigueses, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 31 de marzo de 2006.

No título IV, o artigo 37 dámos conta do obxecto e finalidade dos CONSELLOS SECTORIAIS

art. 37

1. Os consellos municipais de sector son órganos de participación, información, consulta e seguimento e proposta á xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que os Concello ten competencia.
2. Os consellos sectoriais teñen a finalidade de promover e canalizar a participación das entidades e da cidadanía nos diferentes sectores da vida local en que o Concello ten competencia, facendo así posible unha maior corresponsabilización das e dos cidadáns nos asuntos públicos no municipio xa que logo, cremos que este novo organismo creado cumpre os requisitos e persegue os obxectivos dun consello sectorial.

Respecto á competencia do concello no eido que compete a este novo sector, o art. 25.m da *Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local*, establece que a administración local ten competencia de seu na cultura.

Asemade a competencia verbo da normalización tamén vén establecida no art. 25 da *Lei da normalización lingüística (Lei 3/1983, do 15 de xuño)*:

art. 25

O goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

4.- Xa que logo, e consonte co acordo do Consello Social da Lingua tomado o 5 de maio de 2014, e novamente debatido e aprobado no pleno deste consello de data 4 de decembro

## PROPOSTA:

Solicítase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do “Proxecto de Regulamento do Consello Municipal da Lingua”, condicionada esta á adopción do acordo plenario co seguinte contido: “Creación do Consello Municipal da Lingua”, resultante este da refundición da Comisión Cidadá de Normalización Lingüística (aprobada a súa creación e regulamento no pleno de 29 de novembro de 1999) e do Consello Social da Lingua (o Pleno do 27 de decembro de 2004 aproba definitivamente a súa creación e regulamento). Consello municipal da lingua que ha ser “órgano de participación, información, consulta, seguimento e proposta á xestión municipal verbo da normalización da lingua galega en Vigo”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(129).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, DO USO PRIVATIVO TEMPORAL DO LOCAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO Nº 3 NO BAIXO ANDAR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, NA GRADA DE TRIBUNA COMO TENDA-MUSEO DA ENTIDADE. EXPTE. 20023/240.**

Visto o informe xurídico do 18/01/18 e informe de fiscalización do 05/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 16.10.17, a Fundación Celta de Vigo solicita abrir unha tenda-museo no local sito no baixo andar do Estadio municipal de Balaídos, na grada de Tribuna, na que se expoñan os trofeos, camisetas históricas e demais sinais de identidade do RCCV, co fin de promocionar e fomentar o patrimonio social, cultural, e deportivo do RCCV, o deporte e a imaxe da cidade de Vigo vencellada ó Real Club Celta de Vigo.

**Segundo.-** A medio de resolución do Concelleiro delegado de Patrimonio de data 08.11.17, iníciase expediente de autorización administrativa para ocupar o local de Balaídos pola Fundación.

**Terceiro.-** En data 10.11.2017, o enxeñeiro técnico de edificación emite informe técnico sobre o local, sinaland0 que “...O Local pola sua configuracionn pode ser aproveitabile en cotas superiores a do seu acceso, en base a posibles incrementos de superficie que se poidan efectuar, ou aproveitamentos da grada de preferencia que non foron demolidos, sempre que cumplan coas condicionantes de alturas, accesibilidad y evacuacions, sempre que se xustifiquen ditas ampliación cumplen coa norma sectorial que lle corresponda segundo o uso que se pretenda.



## Concello de Vigo

A efectos valorativos, tomaremos en consideración, que es un local con frente a vial público (non a traveso de espacios verdes senón directamente a vial público), co boa relación fachada fondo, e se efectuamos unha visualización a través de páxinas Web, de venta de locais comerciais, observamos que temos un espectro entre 700 €/m<sup>2</sup> para supostos de pouca ñíndice de fachada con relación á superficie de local, ata 2.100 €/m<sup>2</sup> para locais boa relación de índice de fachada e ubicación en zonas de alta índice comercial, así como tamen a superficie total, entendo que sobre superficies de aprox. 200 m<sup>2</sup>, o valor a estimar é alto con respecto a medio sobre a que estamos dimensionando e a su vez se vería incrementando a valoración si dichos locais dispoñen de acabados interiores ou non.

Polo tanto tendo en conta os posibles índices de actuación sobre o local que nos ocupa, estimaría que a valoración que nos ocupa entendo que sería un valor de alto índice de relación de fachada superficie, un índice tamen alto en canto a características métricas do local, y en canto a ubicación na zona entendo como un valor medio.

Polo que tendo en conta estes caracteres estimaría un posible valor.

$$V. \quad \text{medio} = (A-B) \times C_{ff} \times C_u \times C_{st.} \times C_{is}$$

Tomando los siguientes valores.

A.- Valor mínimo de mercado en la zona.	V=700 €/ m <sup>2</sup>
B.- Valores altos de mercado en la zona.	V= 2.100 €/m <sup>2</sup>
C <sub>ff</sub> .- Coeficiente relación fachada/fondo	1,09
C <sub>u</sub> .- Coeficiente ubicación zonas comerciales.	0,87
C <sub>st</sub> .- Coeficiente de superficie y trazabilidad	1,06
C <sub>is</sub> .- Coeficiente de mayor superficie de aprovechamiento.	1,02

Tomando ditos valores e o cálculo propoñto, o local obxecto de cesión estimo a súa valoración según mercado actual en 1.435,42 €/m<sup>2</sup>, o que determina un valor total de mercado para o local de 231.102,62 euros."

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL)



- ETT Fundación Celta de Vigo

## II.- Natureza xurídica do local do Estadio municipal de Balaídos

O Concello de Vigo, é propietario do equipamento deportivo coñecido como Estadio municipal de Balaídos, sito no núm.108 da Avda. de Fragoso, en virtude de escritura pública outorgada o 1 de febreiro de 1946 polo Notario D. Miguel Hoyos de Castro, baixo o número 150 de su protocolo, e incluído no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello como ben de dominio público destinado ó servizo publico, no epígrafe I, núm de ben 280. Dende ese momento, o complexo deportivo será utilizado polo Real Club Celta de Vigo S.A.D. para a celebración dos seus eventos deportivos futbolísticos .

A cesión do seu uso ao equipo deportivo profesional formalizouse co Concello mediante a suscripción dun Convenio de colaboración co Concello o 28 de maio de 1992, convenio que se modificou o 30 de xaneiro de 2009 extendo a súa vixencia ata o 16 de mayo de 2.034.

O Concello ven executando unha serie de obras de reforma do Estadio en virtude dun *Plan Director de remodelación y modernización del Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos*, que se desenvolve mediante proectos parciais de cada unha das fases. Na actualidade, se ten executado a grada de Tribuna, en cuos baixos se ubica o local solicitado pola Fundación, núm 3 da planta baixa, dunha superficie de 161,00 m2, cos seguintes lindes: Norte Avd. de Balaídos, Sur tunel de drenaxe no mesmo estadio, Leste P9 que accede a grada de preferencia impar e Oeste porta 5 que accede a grada de preferencia Impar ( na data actual P-8). Este local recibíuse polo Concello segundo acta de recepción de data 5 de abril de 2017.







## Concello de Vigo

Segundo vixente Plan xeral de ordenación urbana de 1993, o estadio é un equipamento deportivo que se levanta sobre unha parcela de solo urbano calificada coa Ordenanza 3.2 de usos dotacionais, na que está permitido o uso comercial e de oficinas en categoría 1ª, ademais de local de reunión asociado ó uso dominante.

### III.- Réxime xurídico e condicións da autorización para o uso privativo do local 3 do Estadio municipal de Balaídos.

#### III.1.- Necesidade de título para a ocupación do local.

Con carácter xeral, están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos, art 4.1 letra "o" TRLCAP, as autorizacións sobre bens de dominio público, que se regularán pola súa lexislación específica, agás nos casos en que declare a propia lei de contratos a súa aplicación.

A condición do estadio de equipamento deportivo, en función do seu destino para a práctica do deporte, tanto polo propio Clube de Fútbol coma polo Concello, (baixo da grada de Río), e a existencia das oficinas e dependencias dos servizos administrativos municipais (servizo de extensión de incendios), de acordo coa conceptualización que deles fai a LPAP, determina a súa clasificación como ben de natureza demanial, tal e como figura rexistrado no inventario municipal (art. 4 e 5 LPAP, art. 263 e 265 LALG) e suxeito, conseguintemente, ó reximen xurídico regulador do demanio público das Administracións Públicas.

A ocupación privativa por terceiros do dominio público municipal require do correspondente título habilitante, autorización ou concesión administrativa, a outorgar previa valoración das circunstancias concurrentes e motivación que a xustifique, tendo en conta que supoñe unha excepción o uso xeral que rexe os bens destinados ó servizo público. Nese senso, o artigo 84 LPAP, de carácter básico, prevé que ninguén pode, sen título que o autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos.

En todo caso debe considerarse que a maior parte do estadio está cedido en virtude do convenio citado no epígrafe anterior, e que polo Concello se está a tramitar expediente de explotación do estadio, polo que a ocupación do local no seu caso, debe realizarse **con carácter temporal** en tanto non se resolve sobre o dereito de explotación do mesmo.

As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público rexeranse en primer termo pola lexislación especial reguladora daquelas e, a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións da Lei de patrimonio, según expresa o artigo básico citado, 84.3 LPAP.

O título habilitante poderá ser a autorización administrativa de carácter provisional, considerado que o Concello está a tramitar un proxecto para explotar a totalidade do estadio, e como máximo polo prazo de catro anos, tal e como indica o artigo 86.2 LPAP.

### **III.2.- Condicións da autorización demanial**

O outorgamento da licenza demanial estará suxeito ás condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas e ás particulares pertinentes.

En concreto o artigo 92.7 LPAP especifica:

- a) O réxime de uso do local
- b) O réxime económico a que queda suxeita a autorización.
- c) A garantía a prestar, no seu caso.
- d) A asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar eo ben segudo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe.
- e) Compromiso de previa obtención a súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben
- f) A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, no seu caso, da obriga de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía dabondo.
- g) A aceptación da revocación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público
- h) A reserva por parte do Concello da facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que o mesmo e usado de acordo cos termos de la autorización.
- i) O prazo e réxime de prórroga e subrogación que, en todo caso, requerirá a previa autorización.
- j) As causas de extinción.

O artigo 92.5 LPAP posibilita a gratuidade da autorización concesión cando a utilización privativa do ben non leve parella unha utilidade económica para a persoa autorizada, tal é o caso, en canto a Lei 50/2002, de 26 de decembro de Fundacións conceptúa a estas organizacións no seu art 2.1 como sen ánimo de lucro que teñen afectado o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral. Asemade nos ETT da Fundación, en concreto o artigo 5, entre as finalidades da Fundación, está a de fomentar o desenvolvemento do deporte en todos os seus ámbitos; divulgar as actividades deportivas impartidas por equipos vigueses; acrecentar o patrimonio deportivo vigués; coadiuvar intereses para apoiar o deporte vigués; axuntar vontades e esforzos de persoas físicas e xurídicas para aumentar a actividade deportiva viguesa; colaborar na forma e medida que se estime posible e conveniente con sociedades e institucións sociais, culturais artísticas, benéficas e deportivas; facer públicas por calquera medio falado ou escrito, as actividades deportivas viguesas; impulsar a continua colaboración entre a Fundación e as Administracións Públicas, actuando como intercomunicadores, contratistas, e fomentando a realización de



## Concello de Vigo

Convenios de Colaboración; construír, promocionar e xestionar museos, institucións culturais así como salas de exposicións, centros de reunión, arquivos e bibliotecas ou instalacións que de maneira principal se dediquen a actividades relacionadas co deporte; apoiar e fomentar a formación dos nenos a través do deporte; contribuír de forma firme a paliar as carencias sociais da cidade de Vigo; desenvolver proxectos culturais de diversa índole, tanto no seu aspecto formativo como divulgativo e social...”

### IV.- Procedemento e forma de adxudicación

Segundo artigos 77.2 RBEL e precepto básico 92.1 LPAP, as autorizacións outorgaranse directamente, por tempo limitado, (apartado 3 docitado artigo), sendo o prazo máximo de duración de 4 anos, incluídas as prórrogas. Poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello por razóns de interese público, sen dereito a indemnización, e poderá esixirse garantía do uso do local e da súa reparación ou reposición (apartados 4 e 6 do mesmo artigo)

Polo anteriormente exposto, tendo en consideración as finalidades de uso do local e natureza xurídica da solitante, se considera que concurren circunstancias de interese público municipal que xustifican a posta a disposición con carácter temporal e en precario, do local núm 3 do Estadio municipal de Balaídos.

Conseguentemente, procede o otorgamento da correspondente autorización administrativa de uso do citado local baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas e as particulares pertinentes.

### V.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1 letra “e” LRBRL, en canto lle corresponde o outorgamento das licenzas de calquer natureza.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO

**Primeiro.-** Autorizar á Fundación Celta de Vigo a usar privativamente o local de titularidade municipal do núm 3 no baixo andar do Estadio municipal de Balaídos, na grada de Tribuna, ao fin de abrir unha tenda-museo, na que se expoñan os trofeos, camisetas históricas e demais sinais de identidade do RCCV, e así promocionar e fomentar o patrimonio social, cultural, e deportivo do RCCV, o deporte e a imaxe da cidade de Vigo vencellada ó Real Club Celta de Vigo.

**Segundo.-** A autorización condése directamente nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ao dereito ó uso do local, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

O local ubícase no Estadio municipal de Balaídos, no núm. 108 da Avda de Frago de Vigo, e forma parte do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello como ben de dominio público destinado ó servizo publico, no epígrafe I, núm de ben 280.

Segundo Plan xeral de ordenación urbana de 1993, o estadio é un equipamento deportivo

que se levanta sobre unha parcela de solo urbano calificada coa Ordenanza 3.2 de usos dotacionais, na que está permitido o uso comercial e de oficinas en categoría 1ª, ademais de local de reunión asociado ó uso dominante.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicar o inmovible pola usuaria, ás actividades descritas con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

O local objeto de cesión valórase según mercado actual en 1.435,42 €/m<sup>2</sup>, o que determina un valor total de 231.102,62 Euros.

A Fundación Celta de Vigo non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa especial do dominio público, en tanto a utilización privativa non leva aparelhada unha utilidade económica para a Fundación.

3º.- O prazo da autorización fíxase en tres anos, prorrogable por un ano mais, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.

O inicio do cómputo de prazo será dende o día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da autorización.

4º.- A autorizada estará obrigada ó pagamento dos gastos gravames ou tributos de calquera clase que se poideran derivar con motivo do outorgamento da autorización.

En previsión do artigo 92.6 LPAP, a Fundación Celta de Vigo deberá constituir unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de outorgamento da autorización demanial

5º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

6º.-6.1.- Serán deberes da Fundación Celta de Vigo:

a) Manter ao seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza, o local, así como as súas instalacións e servizos, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto.

b) As obras de reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da Fundación, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.

c) Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións do local á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.

d) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse a terceiros ou ao propio local durante todo o prazo da autorización, debendo suscribir: unha

-Unha póliza de Responsabilidade civil cun límite xeral de 1.000.000 €, que contemple a na descrición do risco a actividade exacta que se va a desenvolver no local, e que comprenda



## Concello de Vigo

unha garantía de RC locativa para cubrir os ó inmoble que sexan consecuencia directa de incendio ,explosión e acción da auga, cun sublímite de 300.000 €.

-Póliza de Daños , co límite máximo de indemnización por importe de 231.102,62 €uros., con

\* Coberturas : incendio , raio , explosión , danos eléctricos i extensión de garantías .

\* Constará como asegurado adicional e beneficiario o Concello de Vigo.

A súa contratación xustificárase antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.

e) Satisfacer no seu caso, os tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola autorización da que é titular.

f) Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante.

g) A entrega do inmoble, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, da autorización de ocupación.

### 6.2.- Serán facultades da Fundación

a) Posta a disposición polo Concello do inmoble do baixo andar do Estadio de Balídos, e á súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo da autorización e consonte ó disposto neste clausulado.

b) Efectuar, ao seu cargo, obras de reparación necesarias do local, requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

### 7º.- 7.1.- Facultades do Concello

a)O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da Fundación polo devandito acto.

b)- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dicar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

8º.- Sera de conta da usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

9º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

1. Polo trancurso do prazo outorgado.
2. A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
3. A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da cesionaria.

**Terceiro.**- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación ó interesado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(130).- PROPOSTA DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E CREACIÓN DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NAS LEIS 39 E 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO; RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS. EXPTE. 30790/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 8/02/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local , en sesión extraordinaria e urxente de data 21/11/2017 acordou a aprobación inicial do expediente administrativo 30790-220 “PROPOSTA DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E CREACIÓN DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NAS LEIS 39 E 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO”.

En data 22/11/2017, publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia no que se indica o sometimento a información pública do expediente de referencia, aos efectos de presentación de alegacións.

En relación coas alegacións presentadas en prazo, cómpre indicar o seguinte:

- **Alegación presentada por D. Jose Manuel Gonzalez Ucha en data 19/12/2017 (documento nº 170178451);** con respecto á mesma, cabe indicar que as reorganizacións propostas en canto á unificación das unidades administrativas actuais de Rexistro Xeral e Información nunha nova unidade denominada “Oficina de asistencia ao Rexistro e Información”, déixase constancia de que non afectan en xeito ningún ás condicións laborais, retribucións nin aos dereitos laborais do alegante, regulados no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que a dita alegación non procedería ser estimada.
- **Alegación presentada por D. Xosé Vicente Comesaña Trigo en data 22/12/2017 (documento n.º 170180017).** Con respecto á mesma cabe indicar que si ben a unificación das unidades administrativas de Rexistro Xeral e Información nunha nova unidade denominada “Oficina de asistencia ao Rexistro e Información” non afectan as condicións laborais, retribucións e dereitos laborais do alegante, non é menos certo que a creación de dita oficina, así como as novas funcións das “ oficinas de asistencia en materia de registro” contempladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Proce-



## Concello de Vigo

demento Administrativo Común das Administracións Públicas, veñen a supoñer modificacións nas funcións e tarefas asignadas aos postos adscritos a actual unidade administrativa Rexistro Xeral, polo que sería necesario realizar unha análise detallada das funcións dos postos de traballo indicados e o seu encadramento na oficina de nova creación, debendo estimarse a alegación presentada.

Por tanto, e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decretos da Excm. Alcaldía de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, así como aquelas en materia de xestión de persoal por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración deste último órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Estimar a alegación presentada por D Vicente Comesaña Trigo en data 22/12/2017 (Documento 170180017) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/11/2017 polo que se aproba inicialmente o expediente administrativo 30790-220 "PROPOSTA DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E CREACIÓN DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NAS LEIS 39 E 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO", pola motivación exposta no informe-proposta que antecede.

**SEGUNDO.-** Desestimar a alegación presentada por D. Jose Manuel Gonzalez Ucha en data 19/12/2017 (documento nº 170178451) en atención á motivación exposta no informe-proposta que antecede.

**TERCEIRO.-** Ordenar, en cumprimento da instrucción do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal de data 18/01/2018, o arquivo do expediente 30790-220 "PROPOSTA DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E CREACIÓN DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NAS LEIS 39 E 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO", a fin de proceder a un novo estudo detallado sobre a Oficina de Asistencia ao Rexistro e Información, contemplada dentro da Área obxecto de reestruturación, nos termos do informe-proposta que antecede.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal), Concellerías-delegadas e Xefaturas de Área incluídas no seu ámbito funcional ou competencial, Comité de Persoal e Intervención Xeral Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, acordando a publicación do presente acordo no BOP de Pontevedra en relación coas alegacións presentadas.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(131).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O REXISTRO XERAL. EXPTE. 31145/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/02/18, dáse conta do informe-proposta do 26/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 15/12/2017, o Xefe do Rexistro Xeral, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas auxiliares administrativos para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 21/12/2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 25/01/2018, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.





## Concello de Vigo

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”***

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la recon-***

***ducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-auxiliar, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



## Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Rexistro Xeral, conformado pola Xefa de Réxime Interior de 15/12/2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 21/12/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous auxiliares administrativos/as para Rexistro Xeral, supón un gasto de **22.865,98 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.259,95 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D<sup>a</sup> Beatriz Iglesias Lameiro, con DNI \*\*\*\*\*449-H e de D<sup>a</sup> Carolina Castro Castro, con DNI \*\*\*\*\*614-Q, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 22/12/2017, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo

10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **auxiliares administrativos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Rexistro Xeral contidas no escrito do 15/12/2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.865,98 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup> Beatriz Iglesias Lameiro, con DNI \*\*\*\*449-H e de D<sup>a</sup> Carolina Castro Castro, con DNI \*\*\*\*614-Q**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138-auxiliar), sendo adscrito/a a Rexistro Xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de



## Concello de Vigo

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013..

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Rexistro Xeral, Xefa da Área de Réxime interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(132).- AXUDAS ESPECIAIS CORRESPONDENTES A FEBREIRO DE 2018-FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS). EXPTE. 31385/220.**

Visto o informe de fiscalización do 09/02/18, dáse conta do informe-proposta do 6/02/18, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo adoptado pola mesma en sesión do 20/12/2017, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 7.330,00 € :

Nº PER-SOAL	EUROS
79385	1.474
79349	297
14835	490
22361	2.562
77043	740
80769	795
182768332	972
<b>TOTAL</b>	<b>7.330</b>

Así mesmo, denéganse as solicitudes presentadas polo empregado 21462, por ser considerada a súa petición axuda socio-sanitaria así como a do empregado 82172, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2018.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.



## Concello de Vigo

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 20/12/2017, por un importe total de **7.330,00 €** (SETE MIL TRESCENTOS TRINTA EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

Nº PER-SOAL	EUROS
79385	1.474
79349	297
14835	490
22361	2.562
77043	740
80769	795
18276	972
TOTAL	7.330

**Segundo.-** Denegar as solicitudes presentadas polo empregado 21462, por ser considerada a súa petición axuda socio-sanitaria así como a do empregado 82172, dado que a criterio da comisión non corresponde a axuda.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao

da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(133).- CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ESTUDIOS CORRESPONDENTE A 2017/2018 – FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 31389/220.**

Visto o informe de fiscalización do 9/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 6/02/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite a Área de Recursos Humanos e Formación oficio comunicando que en sesión de data 20/12/2017, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas de estudos curso 2017-2018, que ascenden a un importe de 120.000 €, destinados a axudas para estudos das e dos empregados públicos municipais, e descendentes no primeiro grao de consanguineidade, destinados a cubrir os gastos de garderías e á obtención de títulos oficiais, impartidos en centros de ensinanza públicos ou privados debidamente acreditados e homologados.

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

#### **CONDICIÓN XERAIS**

1.- **Ámbito persoal e beneficiarios.**

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos, que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

2.- **Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.





## Concello de Vigo

### 3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora do FAS (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase *a/ao solicitante*.

#### b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Matrícula gardería.

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

### 4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirer a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 27.000 €
- TRAMO II - De 27.001 € a 30.000 €
- TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €
- TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €
- TRAMO V - Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	30€	40€	70€	130€	160€
CLAVE 2	40€	50€	100€	170€	190€
CLAVE 3	80€	90€	180€	250€	300€

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA



## Concello de Vigo

I.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

II.- No artigo 7 do regulamento contéplase que:

“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:

-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.

-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.

-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.

-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada a Área de Recursos Humanos e Formación, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que a Área de Recursos Humanos e Formación informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total



## Concello de Vigo

das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2018, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 430.000,00 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Local, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“Primeiro.-** Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 20/12/2017 e remitida a esta Área de Recursos Humanos e Formación e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas de estudos 2017-2018 segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013).

**Segundo.-** Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

## CONDICIÓN XERAIS

### 1.- Ámbito persoal e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, e fillos/as menores de 25 anos, que non teñan ingresos e convivan con este/a.

O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.

No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.

### 2.- Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a aprobación desta convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

### 3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse *a/ao solicitante*.

#### b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Matrícula do centro (a partir de 15 anos cumpridos).
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares ou libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Matrícula gardería.

c) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

### 4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación por parte da Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a lista de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.



## Concello de Vigo

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirer a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

- TRAMO I - Menos de 27.000 €
- TRAMO II - De 27.001 € a 30.000 €
- TRAMO III - De 30.001 € a 38.000 €
- TRAMO IV - De 38.001 € a 50.000 €
- TRAMO V - Máis de 50.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

CLAVES	TRAMO 5	TRAMO 4	TRAMO 3	TRAMO 2	TRAMO 1
CLAVE 1	30€	40€	70€	130€	160€
CLAVE 2	40€	50€	100€	170€	190€
CLAVE 3	80€	90€	180€	250€	300€

CLAVE 1	GARDERIAS E PREESCOLAR
---------	------------------------

CLAVE 2	PRIMARIA , SECUNDARIA, FP., ETC.
CLAVE 3	UNIVERSIDADE E FP DE GRAO SUPERIOR

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas ou orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

**12(134).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 102246/210.**

Visto o informe de fiscalización do 05/02/18, dáse conta do informe-proposta do 29/01/18, asinado polo xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, polo concelleiro-delegado de dita Área e polo concelleiro-delegado da área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- Antecedentes:**

1.- O 26 de xullo de 2017, D. Juan Manuel Martínez Martínez, en nome e representación da UTE Esycsa-Etra, con NIF U36920692 adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestación de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para a anualidade 2016/2017.

**2.- Fundamentación xurídica:**

*Na cláusula V do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o presente contrato se establece expresamente que o contrato poderá dar lugar só a revisión ordinaria que procederá para todos os prezos do contrato en función das variacións experimentadas polo IPC xeral establecido para todo o territorio nacional, elaborado polo INE e publicado no BOE, a petición e xustificación do contratista.*

**3.- Cálculo da actualización do prezo do contrato:**

**Primeiro:** O importe de mantemento do APARTADO A resulta da suma das facturas realizadas nese período, e polo tanto, non coincide co valor calculado do IPC directamente aplicado sobre a base do contrato xa que o apartado de mantemento debe calcularase segundo Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV xustificando





## Concello de Vigo

no ANEXO I deste informe de proposta, resultando unha vez revisado os períodos o seguinte importe parcial.

–APARTADO A: Mantemento, conservación e reparación: **2.531.025,96** euros/ano

**Segundo.-** Para a revisión da anualidade nos apartados B-C e D de xullo 2016 , a aplicar a partir do 1 de xullo de 2017, deberáse aplicar ao prezo fixado xuño 2016 (Expte 98645/210) á actualización do IPC, que segundo datos facilitados polo INE no período xuño 2016/2017 foi de 1,5%, resultando unha vez revisado os períodos os seguintes importes parciais:

–APARTADO B: Subministro e instalación para renovación de equipos e instalación segundo o establecido no Prego de prescricións técnicas: **594.192,96** euros/ano

–APARTADO C: Remodelación e ampliación de instalacións: **195.198,21** euros/ano.

–APARTADO D: Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: **183.653,02** euros/ano.

### PREZO CONTRATO A XULLO 2017

	Varicións IPC	APTD. B	APTD. C	APTD. D
Prezo xullo 2.016 (Epxt: 98645/210)		585.411,78 €	192.313,51 €	180.938,94 €
Precio xullo 2.017	IPC (1,50%)	594.192,96 €	195.198,21 €	183.653,02 €

#### 4.- Cálculo do IPC atrasado pendente de pago:

XULLO 2.016-XANEIRO 2.017	
Valor IPC 0,1%	TOTAIS
Xulio 2017 (IVE 21%)	372.047,83 €
Agosto 2017 (IVE 21%)	318.160,31 €
Setembro 2017 (IVE 21%)	223.062,22 €
Outubro 2017 (IVE 21%)	294.908,67 €
Novembro 2017 (IVE 21%)	216.224,92 €
Decembro 2017 (IVE%)	223.976,28 €
<b>TOTAL 2.013-2.014</b>	<b>1.648.380,23 €</b>
IPC -1,5%	<b>24.725,70 €</b>

O funcionario que subscribe propón ao Concelleiro delegado que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización, a seguinte proposta, que é coincidente coa que figura anteriormente mencionado.

#### Proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** O prezo do contrato a partir do 1 de xullo de 2017 quedará establecido na cantidade de **3.504.070,15** euros/ano e os seguintes importes parciais:

a) Mantemento, conservación e reparación: **2.531.025,96** euros.

b) Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no Prego de prescricións técnicas: **594.192,96** euros.

c) Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de **195.198,21** euros.

d) Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: **183.653,02** euros.

**SEGUNDO:** Recoñecer á empresa o dereito a percibir a cantidade de **24.725,70€** correspondente o IPC de xuño 2017 ata decembro 2017, con cargo á partida 1330 2279903.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### *ANEXO I: XUSTIFICACIÓN DO PREZO DO APARTADO A PARA O ANO 2018*

Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV último parágrafo indicase que o importe da facturación mensual do Apartado A incrementase ou decrementase en función de:

- As novas instalacións que haxan terminado no período de garantía.
- As instalacións procedentes doutras administracións públicas que pase a manter o Concello de Vigo.
- As instalacións que se desmonten o deixen de prestar servizo.

Polo tanto a facturación do Apartado A depende do inventario real existente na cidade en cada mes.

### **PASOS A SEGUIR:**

#### 1º IMPORTE DA FACTURA XANEIRO DE 2016

Para o cálculo deste Apartado pátense da factura de decembro de 2017 xa que está feita en base o inventario de mantemento máis actualizado excluindo as instalacións feitas no mesmo mes.

El importe del apartado A en dicha factura é **208.609,42 Eur IVA incluído.**

#### 2º EXTRAPOLACIÓN DA FACTURA DE DECEMBRO 2.017 A TODO O ANO 2017

Segundo la Mellora Nº 9 da Oferta da Concesionaria con motivo de que no haxa grandes variacións no importe de mantemento acordase:

- Descontar unha cantidade fixa al mes del importe de mantemento.
- No dar de baixa o inventario durante o ano de garantía daqueles materiais renovados no Apartado B de Renovacións.

Ese importe fixo actualizado polo IVA e cos IPC que descontase na facturación mensual é actualmente: **9.288,35 Eur IVA incluído.**

Debido a que:

- O importe mensual do Apartado A depende do número de días que ten cada mes.



## Concello de Vigo

- O importe fixo descontado por la Mellora Nº9 non varía co número de días de cada mes.

para extrapolar o importe do Apartado A de decembro a todo o ano 2017 debemos:

- Sumar esta cantidade fixa descontada o importe mensual de xaneiro.  
 $208.609,42 + 9.288,35 = 217.897,77€$
- Dividir entre o número de días de xaneiro e multiplicar polos do ano 2016  
 $217.897,77 / 31 = 7.028,96 €$   
 $7.028,96 * 365 = 2.565.570,40€$
- Restar a este resultado as doce mensualidades do importe fixo da Mellora Nº9  
 $2.565.570,40 - (12 * 9.288,35) = 2.454.110,20€$

### 3º AÑADIR AL IMPORTE ESTIMADO DE 2016 LAS UNIDADES QUE SALEN DE GARANTÍA E IPC'S

Durante o ano 2017 existen unha serie de materiais novos que instaláronse e que actualmente están en garantía pero a lo longo do ano 2017 finalizarán súa garantía e entrarán na facturación mensual do apartado A no mes que lle corresponda. O importe de mantemento de estes materiais o longo do 2017 é de:39.511,44€.

Que sumado á cantidade resultante do Apartado anterior é de:  $2.454.110,20 + 39.511,44 = 2.493.621,64€$

Queda pendente actualizar esta cantidade co IPC (1,50%):

$$2.493.621,64 * 1,015 = 2.531.025,96€$$

Por todo lo explicado se estima un importe anual del Apartado A para el año 2017 de: 2.531.025,96 €

### **13(135).- INTEGRACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO NA REDE ESPAÑOLA DE TEATROS, AUDITORIOS, CIRCUITOS E FESTIVAIS DE TITULARIDADE PÚBLICA. EXPTE. 1658/330.**

Visto o informe de fiscalización do 18/01/18 e informe xurídico do 07/02/18, dáse conta do informe-proposta do 13/02/18, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, o xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

*Solicitado informe xurídico sobre o expediente de referencia, con data 7 de febreiro de 2018 a Asesoría Xurídica municipal emite informe asinado pola Letrada – Titular da Asesoría Xurídica Municipal e o Letrado – Xefe da Área Xudicial.*

*En base ao citado informe incorpóranse ao expediente os seguintes documentos:*

- Borrador da acta da Xunta Xeral de Asociados da Asociación Cultural Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública, celebrada o xoves 14 de decembro de 2017 (trátase dun borrador xa que a acta definitiva ten que aprobarse na vindeira asemblea que se celebrará o vindeiro 22 de febreiro de 2018 en Xixón).
- Convenio entre o Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música y la Asociación Red Española de Teatros, Auditorios y Circuitos de Titularidad Pública.
- Estatutos da Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública, Asociación Cultural.

Asemade, e tamén seguindo as indicacións do citado informe xurídico **non preceptivo nin vinculante**, fanse as seguintes consideracións:

- Tal e como se indica na orde de inicio do expediente asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, o expediente tramítase ao amparo dos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985 (competencias municipais en materia de cultura).
- Na mesma orde de inicio indícase o artigo 127 da Lei 7/1985 (competencias da Xunta de Goberno Local).
- No expediente referenciado achéganse correos electrónicos de novembro e decembro de 2017 sobre requisitos para pertencer á Rede e envío de documentación solicitando a adhesión. Estes documentos se estudan por parte da Asociación para decidir se o Auditorio ou Teatro cumpre os requisitos e se podería adherirse á Rede, para logo, aprobalos na Asemblea da Rede polo resto dos asociados.  
O artigo 8 dos estatutos da Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de Titularidad Pública, Asociación Cultural, establece que “Las instituciones que deseen ser miembros de la Asociación, deberán solicitar su incorporación mediante escrito dirigido a la Junta Directiva, quien podrá requerir al solicitante que aporte cuanta documentación considere necesaria, al efecto de valorar la solicitud efectuada. Una vez analizada la solicitud, la Junta Directiva elevará a la Asamblea General, la propuesta de admisión o desestimación de la solicitud. La Asamblea General adoptará, por mayoría simple, una decisión al respecto. En caso de que la solicitud sea admitida, la entidad solicitante podrá integrarse como miembro de pleno derecho en la Asociación una vez realizada la aportación económica establecida”.  
Este é o punto no que nos atopamos neste momento. A aprobación por parte da Asemblea, non compromete ao Concello de Vigo a nada, senón que dá a posibilidade de “poder integrarse como membro de pleno dereito unha vez realizada a aportación económica establecida”.
- Os propios estatutos establecen os dereitos e obrigacións dos socios adscritos:  
Dereitos:
  1. Tomar parte en cuantas actividades organice la Asociación en el cumplimiento de sus fines.
  2. Disfrutar de todas las ventajas y beneficios que la Asociación pueda obtener.
  3. Participar en las asambleas con voz y voto.
  4. Ser electores y elegibles para los cargos directivos.
  5. Recibir información sobre los acuerdos adoptados por los órganos de la Asociación.
  6. Hacer sugerencias a los miembros de la Junta Directiva en orden al mejor cumplimiento de los fines de la Asociación.



## Concello de Vigo

7. *Informar y ser puntualmente informados de las actuaciones y vida de la Asociación y de las cuestiones que les afecten.*
8. *Ser oídos con carácter previo a la adopción de medidas disciplinarias y ser informados de los hechos que den lugar a tales medidas.*
9. *Impugnar los acuerdos de los órganos de la Asociación que estimen contrarios a la ley, a los Estatutos o al Reglamento Interno.*

### *Obligacións:*

1. *Cumplir los presentes Estatutos y los acuerdos válidos de la Asamblea General y de la Junta Directiva.*
  2. *Abonar las cuotas que se fijen.*
  3. *Asistir a las asambleas.*
  4. *Desempeñar, en su caso, las obligaciones inherentes al cargo que ocupen.*
  5. *Contribuir con su comportamiento al desarrollo de los fines de la Asociación, así como al correcto funcionamiento de la misma.*
  6. *Prestar la colaboración necesaria en interés del buen funcionamiento de la Asociación, respetando la libre manifestación de pareceres y no entorpeciendo directa ni indirectamente las actividades de la Asociación.*
- *Aínda que o Concello de Vigo é o titular, xa que ten a personalidade xurídica e capacidade), é o Auditorio Municipal o que se integra na Rede (non o Concello como tal, non sendo polo tanto membros da rede outros espazos municipais aínda que realicen actividade de representación de espectáculos), tal e como se establecía no punto 1 da anterior proposta á Xunta de Goberno.*
  - *A Rede solicita a designación dun representante municipal técnico (encargado da xestión do Auditorio) como contacto permanente e para asistir ás Asembleas anuais (catro por ano), nas que se debaten aspectos relacionados coa asistencia de públicos, recomendacións de espectáculos, formación de técnicos e outras cuestións meramente técnicas. Nas asembleas os representantes son os directores dos teatros e auditorios, técnicos de cultura, xestores culturais, e non cargos políticos xa que non se toman decisións, nin se marcan directrices políticas ou de xestión.*

*Por todo isto, inclúese o informe-proposta á Xunta de Goberno, reunificando os puntos da proposta números 2 e 3, tal e como se suxire no informe xurídico, toda vez que se trata dun informe non preceptivo nin vinculante polo que non requeriría novamente o paso pola Ase-soría Xurídica, e que non existe modificación nin puntualizacións respecto ao tema da cota anual xa fiscalizada previamente por intervención polo que tampoco cumpriría volver a pasar por informe de fiscalización:*

O Auditorio Municipal do Concello, desde a súa integración na Rede Galega de Teatros e Auditorios que xestiona AGADIC, ofrece unha programación estable de artes escénicas que nos últimos anos se ven denominando Vigocultura.

Desde o ano 2010, trala súa remodelación e dotación técnica, o Auditorio desenvolve programación estable de música, teatro e artes do movemento, que principalmente se desenvolve en dous trimestres. O primeiro, entre febreiro e abril e o segundo entre outubro e decembro.

A profesionalización vése patente a través da integración do Auditorio tanto na Rede Galega de Teatros e Auditorios, como nos últimos anos no programa estatal de circulación de espec-

táculos PLATEA, que permite a Vigocultura contar con artistas de índole nacional e cachés máis altos, poder exhibirse no Auditorio do Concello, que doutro xeito sería máis complicado por temas orzamentarios.

Pouco a pouco, a programación Vigocultura converteuse nun referente dentro dos espazos de exhibición da escena pública galega, pasando a ser unha das prazas de exhibición de artes escénicas máis importantes de Galicia e cunha media de espectadores por función que crece ano a ano e repleto de boas críticas por parte dos profesionais do sector, así como do público en xeral.

Quedaba un paso por andar, e era a adscrición do Auditorio á Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de titularidade pública. Con 155 espazos asociados en todo o territorio nacional e 12 con sede en Galicia, era o momento de que o Auditorio Municipal se integrase nesta asociación.

A Rede Española de Teatros, Auditorio, Circuitos e Festivais de Titularidad Pública é unha asociación cultural sen ánimo de lucro constituída en febreiro do ano 2000, en convenio de colaboración co INAEM (Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música), Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.

A misión da Rede é impulsar o sector das artes escénicas e da música, facéndoo máis accesible a toda a poboación, consolidando estruturas públicas de exhibición e produción, garantindo unha oferta escénica de calidade, plural e diversa, xenerando un espazo de reflexión, impulsando a formación, a investigación e as novas tecnoloxías, para converter os teatros en organizacións eficaces, eficientes e innovadoras.

A Rede se artella en torno a un conxunto de valores:

- Fomentar e potenciar a creación e formación de públicos no eido das artes escénicas e musicais en España.
- Garantir a calidade e estabilidade na programación dos teatros e auditorios de titularidade pública, potenciando a cooperación e colaboración entre eles, así como cos circuitos das Comunidades Autónomas.
- Impulsar e promover unha estreita, permanente e enriquecedora cooperación entre os diferentes teatros, auditorios, circuitos e redes (públicos e privados), tanto nacionais como internacionais.
- Establecer vías de comunicación entre os diferentes axentes que interveñen no desenvolvemento das políticas sectoriais do teatro, a música e a danza (creadores, produtores, distribuidores e xestores culturais) na perspectiva do mantemento e consolidación do sector.
- Promover mecanismos de comunicación e colaboración co sector escénico e da música dos países que conforman a Comunidade Europea e os países Iberoamericanos.
- Axudar ás administracións públicas no desenvolvemento técnico da intervención e xestión no ámbito das redes escénicas e musicais.
- Colaborar con entidades como universidades, unidades de produción teatral e musical, centros de formación, e especialmente, os Centros de Documentación Teatral e Musical do Ministerio de Educación e Cultura, para facilitar a investigación e intercambio de información sobre as artes escénicas.



## Concello de Vigo

Asemade, a Rede é membro da IETM-International Network for Contemporary Performing Arts (Rede Internacional de Artes Escénicas Contemporáneas), unha organización cuxo obxectivo é promover o desenvolvemento das artes escénicas nun entorno global e poñer en valor o papel das artes escénicas como pilar do desenvolvemento social, cultural e económico. A súa misión é facilitar a creación de redes profesionais e de comunicación, o intercambio dinámico de información e a transferencia de coñecementos entre todos os axentes das artes escénicas a nivel internacional. A IETM integra a máis de 500 organizacións de 50 países de todo o mundo, especialmente en Europa.

Dentro dos beneficios que fan especialmente atractiva a incorporación do Auditorio Municipal á Rede se encontran os proxectos patrocinables pola propia Rede entre os que destacan:

- Circuito Danza a Escena: Subvencionando unha parte importante das actuacións de danza adscritas ao circuito.
- Escola de verano: Formación especializada para técnicos e xestores de artes escénicas.
- Redescena: Web que serve de vínculo entre os diferentes axentes que interveñen nas artes escénicas así como cos seus espectadores.

No ano 2017 desde a Área de Cultura solicitouse información acerca da integración na Rede. Nun primeiro momento o Concelleiro-delegado da Área manifestou o seu interese en pertencer a esta Asociación.

Con data 14 de decembro de 2017 a Asemblea Xeral de Socios da Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de Titularidade Pública, en sesión celebrada na cidade de Madrid, acordou admitir a proposta do Concello de Vigo como membro integrante da Rede.

A cota de participación para o ano 2018 é de 1.500,00 €.

Por todo isto, faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a pertenza do Concello de Vigo, CIF P3605700H na Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de Titularidade Pública, a través do Auditorio Municipal como espazo asociado a este mecanismo de cooperación.
2. Tendo en conta que o representante municipal xurídicamente é o Alcalde e neste caso, por delegación, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, o citado concelleiro dispón a representación nas asembleas anuais técnicas e o contacto directo coa asociación en todas aquelas cuestións que non impliquen a toma de decisións políticas de carácter relevante a Marta Núñez Aboy, funcionaria do Concello de Vigo, técnica de actividades culturais e educativas da Área de Cultura e responsable da programación Vigocultura que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, como representante do Concello de Vigo na citada Rede. Asemade, o concelleiro poderá designar en calquera momento a calquer outro técnico da área en caso de sustitución da citada funcionaria.

3. Aprobar un gasto en concepto de cota anual para o ano 2018 de 1.500,00 €, con cargo á partida 3340.226.99.00 “cotas anuais”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(136).- PRÓRROGA CONTRATO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 1682/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/01/18 e informe de fiscalización do 06/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 06/02/18, asinado polo xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contrados das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

#### ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 14 de marzo de 2014 acordou (expte. 14147-331):

*Adxudicar a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca pública municipal Xosé Neira Vilas (expediente 14147-331) por un prezo total de 762.300,00 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 132.300,00 €, e a aportación das seguintes melloras:*

- *20 equipos informáticos coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.1. da FEC, valorados en 10.000 €, para substituír aos que están actualmente en uso na biblioteca no curso dos tres primeiros anos do contrato.*
- *1 dispositivo conta-persoas WIFI coas características técnicas mínimas descritas no apartado 8.B.2.2 da FEC.*
- *Sistema de calidade específico para a biblioteca: Norma ISO 9001*
- *Novos dispositivos electrónicos portátiles para o mellor funcionamento do servizo:*





## Concello de Vigo

- 2 e-readers
- 1 ipad
- 4 reproductores mp4
  
- *Servizo de reprografía e impresión de documentos de forma gratuíta ata un máximo de 10 copias en branco e negro por usuario/día.*
  
- *Horario de apertura: incremento dunha hora/semanal sobre o mínimo previsto de 5, adicada a traballo interno, visitas guiadas e cursos. Total 6 horas semanais de horario restrinxido e 35 horas/semanais de apertura ó público.*
  
- *Incorporación na colección de novos centros documentais de interese (seccións temáticas):*
  - *Vigo*
  - *Bibliolabora*
  - *Cociña e nutrición*
  
- *Novas propostas de actividades de extensión cultura bibliotecaria:*
  - *Puntos de lectura na cidade*
  - *Campaña de doazón de libros por material escolar*
  - *Estoxos: Coñece o teu barrio*
  
- *No Plan de Comunicación, un maior desenvolvemento do marketing online:*
  - *Marketing de contido: actualización do blog*
  - *Email marketing de permiso: actualización de newsletter*
  - *Códigos QR*
  - *Sitio Web*
  - *Mellora no posicionamento e obtención de resultados de búsquedas SEO e SEM*
  - *SMO (Optimización Social Media). Redes sociais*
  - *Vídeo Social*
  
- *Melloras dos recursos humanos e perfil profesional adscrito á prestación*
  - *Equipo humano:*
    - *1 director-coordinador do proxecto bibliotecario*
    - *1 técnico de bibliotecas*
    - *2 auxiliares técnicos de bibliotecas*
  - *Maior titulación da esixida: 3 persoas con titulación superior e unha con formación profesional de grao superior*
  - *Persoal especializado en community management*
  
- *Outros utiles e medios tecnolóxicos de apoio:*
  - *Software OPEN ERP*
  - *Adobe Creative Suite CS6*
  - *MaxBulk Mailer*
  - *FileMaker ProcedenteNetwork Attached Storage*
  - *Bright Autor*

O adxudicatario destinará ás prestacións que se indican as seguintes coantias desglosada, ofertadas dentro do prezo total do contrato:

<i>Actividades de extensión cultural e bibliotecaria</i>	<i>72799,65</i>
<i>Difusión e comunicación</i>	<i>83548,08</i>
<i>Subscricións</i>	<i>14483,7</i>
<i>Fondos</i>	<i>65.329,11</i>
<i>Mantemento xeral dos equipos técnicos de funcionamento bibliotecario (préstamo automatizado, equipos e programas informáticos, etc)</i>	<i>14483,7</i>
<i>Biblioteca dixital (plataforma tecnolóxica de préstamo máis fondo editorial)</i>	<i>29043,63</i>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2. Con data 3 de abril de 2014, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. cun prazo de execución de tres anos, a contar dende a data de sinatura, e tres prórrogas dun ano de duración cada unha

3. Con data 16 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira prórroga do contrato para o periodo 3 de abril de 2017 ao 2 de abril de 2018.

4. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 9 de xaneiro de 2018, D. Celso Figueroa Suárez en nome e representación da mercantil LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L., presta a súa conformidade á segunda prórroga do contrato.

5. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 9 de xaneiro de 2018, dispoñendo se proceda a instruír a segunda prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfactorios acadados.

6. Esta xefatura informa que a empresa LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

## CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.



## Concello de Vigo

2.- En línea co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prorrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas, e que na concurrencia para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prorroga. Así mesmo, a prorroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentemento tácito das partes.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 3 de abril de 2014, como a cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartados 4.a) e 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de tres anos naturais dende a data de sinatura, prevéndose a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha, previo acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato.

4.- O expediente de prorroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 9 de xaneiro de 2018 autorizando o inicio deste expediente de segunda prorroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

### IMPORTES DO CONTRATO NA SEGUNDA PRÓRROGA

O importe mensual fixado na última revisión de prezos, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 15 de xuño de 2017, ascende a 21.374,96 €, o que suporía un importe/día de 712,50 €.

Por tanto, o cálculo dos importes a imputar nos exercicios 2018 e 2019, sería o seguinte:

#### Ano 2018:

Do 3 ao 30 de abril:  $712,50 \text{ €} \times 28 \text{ días} = 19,950 \text{ €}$

De 1 de maio a 31 de decembro:  $21.374,96 \text{ €} \times 8 \text{ meses} = 170,999,68 \text{ €}$

**TOTAL: 190.949,68 €**

#### Ano 2019:

Do 1 de xaneiro ao 31 de marzo:  $21.374,96 \text{ €} \times 3 \text{ meses} = 64.124,88 \text{ €}$

Do 1 ao 2 de abril:  $712,50 \text{ €} \times 2 \text{ días} = 1.425 \text{ €}$

**TOTAL: 65.549,88 €**

IMPORTE TOTAL CONTRATO (3 de abril 2018 - 2 de abril 2019): 256.499,56 €

**Á vista do exposto**, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda prórroga do contrato de servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” (expediente 14147/331), polo período dun ano, é dicir, dende o día 3 de abril de 2018 ao 2 de abril de 2019, polo importe total de **douscentos cincuenta e seis mil catrocentos noventa e nove euros con cincuenta e seis céntimos (256.499,56 €)**, ive engadido.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe total de **douscentos cincuenta e seis mil catrocentos noventa e nove euros con cincuenta e seis céntimos (256.499,56 €)**, ive engadido, a favor de **LTM SERVICIOS COMPLEMENTARIOS S.L. (CIF B15648595)**, con cargo á partida 3321.227.99.10 “Funcionamento da Biblioteca M. Garrido”, do cal corresponden:*

- **Ano 2018:** 190.949,68 € período do 3 de abril ao 31 de decembro.
- **Ano 2019:** 65.549,88 €, período do 01 de xaneiro ao 2 de abril.

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(137).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS DE VIGO. EXPTE. 2099/341.**

Visto o informe xurídico do 29/01/18 e informe de fiscalización do 06/02/18, dáse conta do informe-proposta do 23/01/18, asinado polo xefe de servizo de Museos Municipais, o xefe servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP

–RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.



## Concello de Vigo

–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

### ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 13 de agosto de 2015 acordou (expte. 936/341):

*“Adxudicar á SERVICIOS SECURITAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos Municipais (expediente 936-341) cunha redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ó público, previstas no apartado 3.F da FEC así como do prezo do servizo de coordinación e organización do servizo previsto no apartado 3.A da FEC do 35. (%).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

2. Con data 9 de setembro de 2015, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS S.A. polo que esta empresa “comprométese á execución do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos con estricta suxeición ó prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados polo Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando a súa conformidade”.

3. “O contrato terá unha duración de dous anos, comezando a prestación o día 16 de setembro de 2015. Contémpanse dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

4. A porcentaxe de redución da adxudicataria fora do 35% respecto aos importes de licitación (798,420,60 €) polo que o prezo máximo polo que se subscribiu o contrato para as dúas anualidades é de 518.973,39 €, que se distribúen do seguinte xeito: 75.683,62 € do 16 de setembro ao 31 de decembro de 2015; 259.486,70 € xaneiro-decembro de 2016 e 183.803,08 € do 1 de xaneiro ao 15 de setembro de 2017.

5. Con data 20 de abril de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a primeira prórroga do contrato (16 de setembro de 2017-15 de setembro de 2018) de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais que fora solicitada con data 09/02/2017, por D. Antonio López González, apoderado, en nome e representación da mercantil SERVICIOS SECURITAS SA.

5. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 170018774 de data 09/02/2017, D. Antonio López González, apoderado, en nome e representación da mercantil SERVICIOS SECURITAS SA. acepta e está conforme nas condicións establecidas para a prórroga do contrato, en resposta a comunicación do concelleiro-delegado de Cultura de data 6 de xaneiro de 2017.

6. Con data 5 e 9 de xaneiro de 2018 D. Antonio López González, apoderado, en nome e representación da mercantil SERVICIOS SECURITAS SA, presenta escritos no REXIS-

tro Xeral do Concello (docs 180001794 e 180006247, respectivamente) nos que manifesta que acepta e está conforme coas condicións establecidas para a prórroga do contrato de servizos de coordinación e atención ao público, nas dependencias da Rede de Museos Municipais, expte 936/341 que sería a segunda e última prórroga prevista no contrato e PCAP, para o período 16 de setembro de 2018 a 15 de setembro de 2019.

7. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 22 de xaneiro de 2018, dispoñendo que se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos e cos resultados satisfactorios acadados.

8. Esta xefatura informa que a empresa SERVICIOS SECURITAS ten cumprido satisfactoriamente con estipulado no citado contrato, nos pregos técnicos e PCAP, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas, sin que se teñan producido incumprimentos pola súa parte. Tampouco se teñen recibido queixas de usuarios ou dos técnicos responsables dos diversos centros da rede de museos onde se realizan os servizos. Por tanto as prestacións contractuais que desenvolve a empresa realízanse de forma adecuada e satisfactoria conforme aos pregos.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos no poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

2.- En línea co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas, e que na concorrência para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga. Así mesmo, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentimento tácito das partes.

3.- Neste senso, a cláusula 4ª do contrato asinado con data 9 de setembro de 2015 establece o comezo da prestación o día 15 de setembro de 2015 e que se contemplan dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, como a cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartados 4.A) e 4.C) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos naturais, prevéndose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, previo acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato.



## Concello de Vigo

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 22 de xaneiro de 2018 autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

7.- A segunda e última prórroga anual do contrato sería dende o 16 de setembro de 2018 ao 15 de setembro de 2019 e o seu importe máximo é de 259.486,70 €; correspondendo 75.683,62 € ao exercicio 2018 (66.135,90 € por servizos xerais de atención ao público e 9.547,72 € por servizos de coordinación) e 183.803,08 € ao exercicio de 2019 (160.615,76 € por servizos xerais de atención ao público e 23.187,32 € por servizos de coordinación).

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe da Intervención Xeral, co informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, co conforme do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar a segunda e última prórroga do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais de Vigo (expte. 936/341), polo período dun ano, é dicir, dende o 16 de setembro de 2018 ao 15 de setembro de 2019, polo importe máximo total de douscentos cincuenta e nove mil catrocentos oitenta e seis euros con setenta céntimos (259.486,70 €), ive engadido.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe máximo total de douscentos cincuenta e nove mil catrocentos oitenta e seis euros con setenta céntimos (259.486,70 €), ive engadido, a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF A28966800), con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”, do cal corresponden:

- ao exercicio económico de 2018, 75.683,62 € (66.135,90 € por servizos xerais de atención ao público e 9.547,72 € por servizos de coordinación) e
- ao exercicio económico de 2019, 183.803,08 € (160.615,76 € por servizos xerais de atención ao público e 23.187,32 € por servizos de coordinación) .

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(138).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2098/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/02/18 e informe de fiscalización do 07/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 24/01/18, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 5 de xaneiro de 2018 a Presidenta da Fundación Liste solicita a través do Rexistro Xeral o financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € para levar a cabo o seu programa de funcionamento relativo ao ano 2018, como aportación á Fundación Liste, sen indicar calendario do pagamento das transferencias.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (en diante Fundación Liste) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2017 por importe de 90.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27 de xaneiro de 2017. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 16 de marzo, 20 de abril de 2016 e tamén 20 de xaneiro de 2017.

Dos informes do Servizo de Fiscalización, anteriores fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2018:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Liste é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.





## Concello de Vigo

- A Fundación Liste reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2018 ten previsto financiarse nun 97,28 % polo Concello de Vigo (con independencia de que, neste caso, non se fai referencia á proporción da representación do Concello de Vigo ou Xunta de Galicia nos seus órganos de goberno e dirección, ou da capacidade destas Administración Públicas de participar no nomeamento dos membros do Padroado).

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 e 2017, tamén aplicables a 2018, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Liste é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Liste debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo do a Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable ao resto dos casos (Fundación Liste, Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016 e 15 de xaneiro de 2018 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, que se realizarán por parte dese Intervención Xeral, condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia (...), ou ben debemos esperar a que nos comuniquedes os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2018 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte no mesmo sentido que o fixera para o exercicio 2017: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que éstas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2018 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Liste; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

### **Fundación Liste.-**

A Fundación Liste promóvese polo Concello de Vigo e por D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998. A Fundación Liste, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades

a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).

b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;

c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

### **Composición do Padroado da Fundación.-**

#### **Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.**

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D<sup>a</sup> Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeada polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.

b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).

c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.

d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

### **Composición actual do Padroado da Fundación Liste.-**

Presidenta.- D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera (de acordo co art. 15.1. dos Estatutos da Fundación).

Vicepresidente.- Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: D. Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura e D. Rafael Vallejo Pousada.

b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio).

D<sup>a</sup>. Araceli Liste Fernández e D<sup>a</sup> Victoria Vázquez López (que substitúe a D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera que actualmente ostenta a Presidencia por falecemento de D. Olimpio Liste Regueiro).



## Concello de Vigo

- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.
- d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D Enrique Ares Gómez.

### Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

### **ORZAMENTO 2018 DA FUNDACIÓN LISTE.-**

Na documentación achegada pola Fundación Liste inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2018, que ascende a un total de 128,500,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

1. Gastos de persoal Fundación Liste e xestión CAT: 89.284,32 € (69,48%)
2. Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministrados, comunicacións, outros): 17.561,25 € (13,67%)
3. Gastos financeiros e asimilados: 300,00 € (0,23%)
4. Gastos actividades didácticas e difusión Museo Liste e CAT: 21.354,43 € (16,62%)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (97,28 %)
- Resultado de explotación do Museo: 3.000 € (2,33%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 500,00 € (0,39%)

### **XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE.**

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación Marco e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Liste vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Liste; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueira, financiada pola administración municipal no seu funcionamento e actividade (ata o 97,28% en 2018), que se beneficia da cesión do uso dun edificio de titularidade municipal e que conta con representación municipal no seu Padroado.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

#### **PRIMEIRO.-**

1.- Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vintecinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2018, para a Fundación Liste e CAT, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2018, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2018, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste e CAT", que figura no orzamento de 2018 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

#### **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Liste (Fundación Liste), complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Liste:

#### **PRIMEIRA.-**



## Concello de Vigo

As liñas xerais do programa da Fundación Liste consistirán na conservación, promoción, estudo e defensa do patrimonio etnográfico galego e a súa utilización como instrumento de aprendizaxe, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Liste prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Liste na súa sesión do 19 de decembro de 2017.

### SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Liste, aprobado polo seu Padroado con data 19 de decembro de 2017 ascende a 128.500,00 €, que a Fundación Liste financiará do seguinte xeito:

- 125.000,00 € (cento vintecinco mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.03 "Aportación á Fundación Liste e CAT" do presuposto de 2018 do Concello de Vigo; que supoñen o 97,28 % do total do presuposto.
- Resultado de explotación do Museo: 3.000 € (2,33%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 500,00 € (0,39%)

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Liste, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Liste, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Liste e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Liste é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

## SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Liste adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MUSEO LISTE (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

## LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

## SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE.-

A Fundación Liste achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.



## Concello de Vigo

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LISTE.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Liste, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Liste, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Liste, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Liste
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Liste de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Liste deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Liste deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Liste de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumplimentar os datos relativos aos seus orza-

mentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(139).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA O FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2101/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/02/18 e informe de fiscalización do 07/02/18, dáse conta do informe-proposta do 25/01/18, asinado polo xefe de servizo de Museos Municipais, o xefe servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 23 de xaneiro de 2018 o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente de transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro para financiamento do seu programa de actividades e funcionamento durante o período 2018, por importe de 80.000 €, que figuran na partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", do presuposto municipal do actual exercicio económico.

Con data 22 de xaneiro, a través do Rexistro Xeral, a Fundación Laxeiro presentou solicitude de transferencia de financiamento para programa de actividades e funcionamento no exercicio 2018.





## Concello de Vigo

### **FUNDACIÓN LAXEIRO.-**

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión realizada o 2 de marzo de 1998, acordou aprobar o convenio suscrito o 23 de febreiro daquel ano entre o Alcalde de Vigo e a familia Laxeiro (María Cruz Otero Villamarín, filla do pintor e a súa herdeira universal e os dous fillos desta). Nese convenio acórdase, entre outras cousas, o seguinte:

- *O Concello de Vigo e a familia Laxeiro comprométese e obríganse a constituír a Fundación Laxeiro, que terá como obxecto o de promover, fomentar, divulgar,... a obra artística e cultural do pintor Laxeiro; os dereitos de calquera natureza relacionados con esa obra; a instalación en Vigo dun museo que reúna monograficamente a obra de Laxeiro.*
- *“As obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cederanse en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición. Así mesmo o Concello de Vigo cederá á Fundación a xestión dos dereitos de autor para a súa mellor explotación por esta” (acordo SEXTO).*
- *A Fundación obrígase ás súas expensas a coidar, manter e restaurar as obras depositadas, así como a xestionar e explotar e defender con toda dilixencia os dereitos de autor, cuxa xestión cede a este fin o Concello de Vigo.*
- *O Pleno do Concello de Vigo, na sesión realizada o día 26 de xuño de 1998, acordou aprobar a constitución e estatutos da Fundación Laxeiro, que se pretende de “interese galego e natureza cultural”. “A Fundación Laxeiro terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar” e no seu Padroado figuran 5 patróns representantes do Concello de Vigo (ademais de representantes da familia Laxeiro, do Concello de Lalín, da Deputación Provincial de Pontevedra, da Xunta de Galicia e outros).*

O 23 de febreiro de 1999 quedou constituída a Fundación Laxeiro, en escritura pública, que está clasificada de INTERESE CULTURAL por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 3 de agosto de 1999 (DOG nº 160, do 19 de agosto) e declarada de INTERESE GALEGO por Orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1999 (DOG nº 217, do 10 de novembro, figurando inscrita co número 1999/22 no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. O 23 de febreiro de 2000 realizouse a primeira xuntanza do Padroado da Fundación Laxeiro, na Casa das Artes.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable ao resto dos casos (Fundación Liste, Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016 e 15 de xaneiro de 2018 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, que se realizarán por parte desa Intervención Xeral, condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia (...), ou ben debemos esperar a que nos comuniquedes os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2018 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte no mesmo sentido que o fixera para o exercicio 2017: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que éstas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2018 non establecen ningunha normativa á que deba suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento de acordo coa que ven sendo habitual; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

Os Estatutos da Fundación Laxeiro establecen no seu artigo 6º a seguinte composición do Padroado:

- a) *“De tres a cinco membros representantes do Concello de Vigo e designados por esta Corporación;*
- b) *De tres a cinco membros designados por Dª María Cruz Otero Villamarín e no seu defecto polos seus fillos, don Heriberto e don Carlos García-Suárez Otero, e os seu descendentes directos;*
- c) *Un membro representante do Concello de Lalín, designado por esta Corporación;*
- d) *Un membro representante da Xunta de Galicia, designado por esta Institución;*
- e) *Un membro representante da Deputación Provincial de Pontevedra, designado por esta institución;*
- f) *Unha persoa designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b) con presenza importante en Madrid relacionado co mundo da cultura e coas institucións do Estado Español.*
- g) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bruxelas e relacionada coas institucións europeas e o mundo da cultura; e*
- h) *Unha persoa designada conxuntamente polos membros dos grupos a) e b) con presenza importante en Bos Aires (Arxentina) e relacionada coas institucións galegas e españolas e o mundo da cultura”.*

#### Composición actual do Padroado da Fundación Laxeiro.-

Presidente.- O Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez (artigo 8º dos Estatutos).

Vicepresidenta.- María Cruz Otero Villamarín. Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Secretario.- Carlos García-Suárez Otero (grupo b). Nomeamento: acta constitución 23/02/1999

Vogais.-

Grupo a) (Concello: 4).- Cayetano Rodríguez Escudero, Antón Castro Fernández, Román Pereiro Alonso, Antón Pulido Novoa. Nomeamento: acordo da XGL do 20/07/2015

Grupo b) (Familia Laxeiro: 3).- Miguel Domenech Martínez, Heriberto García-Suárez Otero, Guillermo Martínez Castro. Nomeamentos 23/02/1999.

Representante do Concello de Lalín.- D. Nicolás María González Casares. Acordo do Pleno do Concello de Lalín do 29/07/2015.

Representante da Xunta de Galicia.- D. Román Rodríguez González. Documento da Consellería de Cultura de data 17/02/2015.



## Concello de Vigo

Representante da Deputación Provincial de Pontevedra.- D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Resolución da Presidencia do 04/11/2015.

Vogal, presenza en Madrid.- Vacante.

Vogal, presenza en Bruxelas.- Vacante.

Vogal, presenza en Bos Aires.- D. Carlos A. González Príncipe. Acordo do Padroado do 21 de febreiro de 2003.

### **ORZAMENTO 2018 DA FUNDACIÓN LAXEIRO.-**

Na documentación achegada pola Fundación Laxeiro inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2018, aprobada en reunión extraordinaria do seu Padroado do 20 de decembro de 2017, que ascende a un total de 122.652,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

- Persoal: 74.660,00 € (60,87%)
- Gastos administración 8.300,00 € (6,77%)
- Gastos programación exposicións: 30.692,00 € (25,02%)  
(colección permanente e “Laxeiro e Seoane...”)
- Gastos activ. didácticas/outros: 9.000,00 € (7,34%)  
(actividades didácticas, premio Laxeiro e expertización)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (65,23 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,23%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (9,78%)
- Autofinanciamento (xantar, doazóns, vendas): 15.652,00 (12,76%)

### **TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACION LAXEIRO.**

Á vista da previsión de financiamento da Fundación Laxeiro para o exercicio de 2018 (procedente das administracións públicas nun 87,24%, do que o 65,23% procede do Concello de Vigo), a composición do seu padroado, o patrimonio artístico que xestiona (que son as obras do pintor Laxeiro, propiedade do Concello de Vigo, cedidas en depósito á Fundación para o seu uso, difusión e exposición; así como a xestión dos dereitos de autor), o lugar onde desenvolve a súa actividade (a planta terceira da Casa das Artes) considérase que o carácter da achega municipal debера ter a mesma consideración que os casos da Fundación Marco e da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, transferencias de financiamento en lugar de subvención nominativa, salvo outra indicación derivada dos informes xurídico e da Intervención.

Por tanto, en relación coa transferencia de financiamento á Fundación Laxeiro, en función dos informes xurídico e da Intervención, cumpriría:

- ◆ Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de **80.000 €** (oitenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2018, de acordo co seguinte calendario:
  - ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 40.000 € (50% do importe concedido).
  - ◆ Unha segunda achega antes do 31 de maio de 2018, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).

- ◆ Unha terceira achega, antes do 28 de setembro de 2018, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 “Fundación Laxeiro”, que figura no orzamento de 2018 do Concello de Vigo.
- ◆ A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase posteriormente pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.
- ◆ As condicións complementarias da transferencia de financiamento estableceríanse tomando como referencia as condicións e obrigas que se viñan recollendo nos acordos de concesión das subvencións nominativas, excepto naqueles aspectos que se refiran ao control financeiro que realizará a Intervención Xeral.

### **XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LAXEIRO.**

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Laxeiro víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia a través do propio acordo de concesión, que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: *“b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.”*

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Laxeiro tería carácter de transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Laxeiro; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e a familia Laxeiro.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras os informes do Secretario da Administración xeral e da Intervención Municipal, faise a seguinte



## Concello de Vigo

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

#### **PRIMEIRO.-**

1.- Transferir á Fundación Laxeiro, CIF: G36852358, un importe de 80.000 € (oitenta mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2018, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 40.000 € (50% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 31 de maio de 2018, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 28 de setembro de 2018, por importe de 20.000 € (25% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.01 "Fundación Laxeiro", que figura no orzamento de 2018 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

#### **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Laxeiro, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Laxeiro.

#### **PRIMEIRA.-**

As liñas xerais do programa da Fundación Laxeiro consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, actividades didácticas, expertización e catalogación de obra..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Laxeiro prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Laxeiro na súa sesión do 20 de decembro de 2017.

#### **SEGUNDA.-**

O presuposto xeral da Fundación Laxeiro, aprobado polo seu Padroado con data 20 de decembro de 2017 ascende a 122.652,00 €, que a Fundación Laxeiro financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 80.000,00 € (65,23 %)
- Xunta de Galicia: 15.000,00 € (12,23%)
- Deputación P. Pontevedra: 12.000,00 € (9,78%)
- Autofinanciamento (xantar, doazóns, vendas): 15.652,00 (12,76%)

#### **TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.**

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da acti-

vidade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.

2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Laxeiro, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Laxeiro, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

#### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Laxeiro e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Laxeiro é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Laxeiro informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

#### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á Fundación Laxeiro, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e sopor-tes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras en-



## Concello de Vigo

tidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

### SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

A Fundación Laxeiro achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LAXEIRO.-

- a) Informe trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Laxeiro, que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Laxeiro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Laxeiro, achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Laxeiro
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).

- Memoria de prensa.
- Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Laxeiro deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Laxeiro deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

#### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **18(140).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE ACEPTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CESIÓN PARA VIAL E DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE PARCELACIÓN NA AVDA DE MADRID NÚM. 197. EXPTE. 84171/421.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado pola arquitecta xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES E FEITOS

- I. Con data do 15/04/2016 pola Xunta de Goberno Local adoptouse o seguinte acordo:  
*“Primeiro.- Aceptar a cesión gratuíta por parte de “Alvariño Inversiones, S L” ao Concello de Vigo, do terreo destinado a viario, afecto ao uso público, cunha superficie de catrocentos vinte e tres metros cadrados- 423 m<sup>2</sup>, descrito nas alíneas precedentes, cuxos efectos producen a división de facto do predio rexistral n.º 21.631 inscrito no Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo (inscrición 6ª; Tomo 2661, libro 1432, Folio 205), ao ser atravesado polo devandito viario e a súa subsecuente cesión ao Concello de Vigo.*

*Segundo.- Como consecuencia da cesión da porción de terreo para viario descrito no parágrafo anterior, incluído no proxecto nomeado “Proxecto de apertura e urbanización de vial na Avda. de Madrid, 197” definitivamente aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na sesión que tivo lugar en data 18/06/1999, a parcela matriz divídese en tres parcelas cuxas descrições e lindeiros se reflicten no apartado III.2 da presente proposta.*

*Terceiro.- Convocar á entidade “Alvariño Inversiones, S L” á formalización da presente cesión gratuíta ao Excmo. Concello de Vigo, mediante a sinatura do correspondente documento administrativo, que será elevado ao rexistro da propiedade para a inscrición en escritura pública das parcelas resultantes, dereitos, afeccións e cesións que se conteñan no referido documento, sendo de conta do cedente todos os gastos rexistrais que se orixinen; Lembrándolle que de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e no Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 417/2006, deberá procederse á presentación no Catastro Inmobiliario de calquera declaración á que poida dar lugar o presente acto administrativo.*

*Cuarto.- Dar de alta os terreos obxecto da presente cesión no inventario municipal de bens e dereitos.*

*Quinto.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e a oficina de cartografía municipal.*

*Sexto.- Aprobar o texto do acordo de cesión que se insire como Anexo a continuación e facultar á Concelleira delegada desta área de Urbanismo, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Caride Estévez, para a súa subscrición”.*

- II. Con data do 29/04/2016 foi formalizada a cesión en cuestión no correspondente documento administrativo, por Luis Blanco Rodriguez en representación de “*Alvariño Inversiones, S L*”, gratuitamente e libre de cargas ao Excmo. Concello de Vigo, que a aceptou como ben de dominio público, sistema de viario local, afecto ao uso público. Consecuencia da cesión efectuada a parcela matriz dividiuse en tres parcelas, cuxa descrición e lindeiros quedou como segue;

-Parcela 1 (Ordenanza 2.2 D de industria xardín tamaño medio): Solo urbano, denominada “*Ramona*” e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 426 m<sup>2</sup>; que linda Norte-parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur-Alvariño Inversiones, S L; Leste-Parcela 2 de cesión para viario (rúa Barxa de Covelo); Oeste-Alvariño Inversiones, S L.

-Parcela 2 (cesión gratuíta con destino a viario): Solo urbano cualificado como sistema viario local previsto no PXOM, coa denominación Barxa do Covelo, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 423 m<sup>2</sup>; que linda Norte- Estrada de Vilar; Sur- rúa Barxa do Covelo; Leste- Parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, S L; Oeste- Parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, S L).

-Parcela 3 (Ordenanza 1.3.D de edificación familiar en fileira de alta densidade): Solo urbano, coa denominación “*Ramona*” e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 370 m<sup>2</sup> que linda Norte- Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, S L; Leste- Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade; Oeste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa de covelo).

- III. Con data do 21/02/2017 por Luis Blanco Rodríguez en representación de “*Alvariño Inversiones, S L*” achégase ESCRITO INSTANDO A RECTIFICACIÓN DO CITADO ACORDO DE ACEPTACIÓN E FORMALIZACIÓN DA CESIÓN PARA VIARIO alegando un erro na descrición das parcelas, polo que solicita tamén a subsanación e corrección das superficies descritas no documento de cesión asinado polas partes -doc. 170025703 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

#### NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva polo Consello da xunta do día 29 de abril de 1993 -DOG do día 10 de maio de 1993 e xunto coas normas urbanísticas, BOP núm. 133, do día 14 de xuño de 1993-, coas súas modificacións puntuais.
- I. O Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana,
- II. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- III. O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,



## Concello de Vigo

- IV. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade, dos actos de natureza urbanística,
- V. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento das Administracións Públicas,
- VI. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público,
- VII. A Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa,
- VIII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- IX. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- X. A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o seu regulamento,
- XI. O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais,
- XII. A Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1954 e o Decreto de 26 de abril de 1957, que aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa,
- XIII. O Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001, de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas,
- XIV. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, aprobados definitivamente polo pleno do día 29 de xullo de 1996 (*BOP* do día 4 de setembro de 1996) e modificación aprobada polo pleno do día 20 de outubro do 2000 (*BOP* núm. 212 do día 6 de novembro de 2000),
- XV. O resto de disposicións que poidan afectar,

### FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### I. Réxime xurídico de aplicación.-

De conformidade co disposto polo artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP- "*1. As Administracións Públicas poderán revocar, mentres non teñan transcorrido o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revocación non constitúa dispensa ou excepción non permitida polas Leis, nin sexa constraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico. 2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

Polo que respecta á rectificación de erros cómpre engadir que consolidada xurisprudencia do Tribunal Supremo, ven establecendo para que sexa posible a dita rectificación, o seguinte: *"...Es menester considerar que el error material o de hecho se caracteriza por ser ostensible, manifiesto, indiscutible y evidente por sí mismo, sin necesidad de mayores razonamientos, y por exteriorizarse prima facie por su sola contemplación (frente al carácter de calificación jurídica, seguida de una declaración basada en ella, que ostenta el error de derecho), por lo que para poder aplicar el mecanismo procedimental de rectificación de errores materiales o de hecho, se requiere que concurran, en esencia, oas siguientes circunstancias: 1) Que se trate de simples equivocaciones elementales de nombres, fechas, operaciones aritméticas o transcripciones de documentos; 2) Que el error se aprecie teniendo en cuenta exclusivamente los datos del expediente administrativo en el que se advierte; 3) Que el error sea patente y claro, sin necesidad de acudir a interpretaciones de normas jurídicas aplicables; 4) Que no se proceda de oficio a la revisión de actos administrativos firmes y consentidos; 5) Que no se produzca una alteración fundamental en el sentido del acto (pues no existe error material cuando su apreciación implique un juicio valorativo o exija una operación de calificación jurídica); 6) Que no padezca la subsistencia del acto administrativo, es decir, que no genere la anulación o revocación del mismo, en cuanto creador de derechos subjetivos, produciéndose uno nuevo sobre bases diferentes y sin las debidas garantías para el afectado, pues el acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contenido dispositivo, sustantivo y resolutorio que el acto rectificado, sin que pueda la Administración, so pretexto de su potestad rectificatoria de oficio, encubrir una auténtica revisión; y 7) Que se aplique con un hondo criterio restrictivo"* (STS de 19 de abril de 2012, con cita de las SSTs de 18 de junio de 2001, de 18 de mayo de 1967, de 15 de octubre de 1984, de 16 de noviembre de 1984, de 30 de mayo de 1985, de 18 de septiembre de 1985, de 31 de enero de 1989, de 13 de marzo de 1989, de 29 de marzo de 1989, de 9 de octubre de 1989, de 26 de octubre de 1989, de 20 de diciembre de 1989, de 27 de febrero de 1990, de 23 de diciembre de 1991).

## II. Sobre a rectificación instada e a súa viabilidade.-

Logo de ver a solicitude de rectificación realizada a instancia da mercantil interesada, pola arquitecta municipal xefa de Planeamento e Xestión con datas do 23/02/2017 e 13/11/2017, requiríuselle á mercantil interesada a efectos das pertinentes comprobacións, plano topográfico a escala axeitada (non menor de 1:500) asinado por técnico competente, no que se recollan tanto a parcela orixinal, como os viais e as tres parcelas resultantes da división da matriz e esixiuse que fose entregado tanto en formato papel ou .pdf como en formato .dwg u .dxf xeorreferenciado, para poder comprobar na cartografía municipal o axuste co contorno. A documentación requirida foi achegada en sede electrónica por Luis Manuel Blanco Rodríguez con data do 18/12/2017 -cod. Solicitude: W255403-7226-.

Examinada a documentación achegada, con data do 22/01/2018 pola arquitecta xefa de planeamento e Xestión emítese informe do seguinte tenor literal: *"Emítese informe en relación coa solicitude formulada por D. D. Luis Blanco Rodríguez en data 21 de febreiro de 2017 (nºdoc170025703), no que se advirte dun erro na descripción das parcelas obxecto do expediente de innecesariedade de parcelación e de cesión de terreos con destino a vial público.*



## Concello de Vigo

### **INFORME:**

#### **1. ANTECEDENTES**

*En data 3 de marzo de 2015 D. Luis Blanco Rodríguez, actuando en representación da mercantil ALVARIÑO INVERSIÓN S.L. presentou escrito no que se solicita a declaración de innecesiedade de parcelación de tres fincas propiedade da mercantil. Achegou tamén documentación relativa a dita innecesiedade.*

*Foi requerido para a presentación do título de propiedade do terreo, copia do DNI do representante, Memoria de Cesión voluntaria, redactada por técnico competente, plano de situación no que se reflicta a parcela matriz e o vial executado conforme ao proxecto de urbanización e plano das parcelas resultantes despois da cesión.*

*Entre a documentación presentada consta Memoria Xustificativa e Descriptiva na que se describían a Parcela Matriz e as Parcelas resultantes, incluída a parcela adicada a vial.*

*Ten que aclararse que o “novo vial” ao que se refire este expediente, é un vial de nova apertura que na data da solicitude de innecesiedade estaba xa executado, e que ten a denominación de Rúa da Barxa do Covelo. A recepción das obras de urbanización (expte. 4105/401) do “Proxecto de apertura e urbanización de vial na Avda de Madrid”, acadou a resolución favorable do Consello da Xerencia en data 9 de setembro de 2011.*

*Na data da presentación da solicitude de certificación de innecesiedade de parcelación o vial estaba polo tanto xa executado, recibido e e aberto ao tráfico.*

*Tras o exame da documentación presentada púdoose comprobar que a parte da parcela matriz, denominada no expediente “Parcela 2”, corresponde cunha parte do vial xa executado e que esta superficie non fora cedida ao Concello.*

*En data 15 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, acordou a “Aceptación e formalización de cesión para vial na Avda. de Madrid Nº197.*

*No texto do acordo recóllese a descripción das tres parcelas resultantes:*


*“Como resultado da cesión do viario referido, do que cómpre indicar e reiterar que xa se atopa totalmente urbanizado (expte.98/403) a parcela matriz divídese en tres parcelas, cuxa descrición e lindeiros é a que segue.*

*-Parcela 1 (Ordenanza 2.2 D de industria xardín tamaño medio): solo urbano, denominada “Ramona” e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 426 m<sup>2</sup>; que linda Norte- parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa do Covelo); Oeste- Alvariño Inversiones, SL.*

*-Parcela 2 (cesión gratuíta con destino a viario): solo urbano cualificado como sistema viario local previsto no PXOM, coa denominación Barxa do Covelo, na parroquia de lavadores, cunha superficie de 423 m<sup>2</sup>; que linda Norte- Estrada vilar;*

Sur- rúa Barxa do Covelo; Leste- Parcela 3 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, SL; Oeste- Parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones SL.

-Parcela 3 (Ordenanza 1.3.D de edificación familiar en fileira de alta densidade): solo urbano, coa denominación de "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de 370 m<sup>2</sup> que linda Norte- Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur- Alvariño Inversiones, SL; Leste- Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade; Oeste- Parcela 2 de cesión para viario (Rúa Barxa de covelo)". En data 29 de abril de 2016, asinouse o "Acordo de Cesión gratuída ó Excmo. Concello de Vigo" referido á denominada "Parcela 2" do acordo de XGL de 15 de abril de 2016. A parcela cedida, como pode comprobarse na descripción, contén unha superficie de 423 m<sup>2</sup> e está afecta a viario público, a este acordo achegouse un plano da documentación presentada no expediente de innecesiedade de parcelación.



Reproducción de parte do plano achegado ao Acordo de Cesión gratuída (as ordenanzas grafiadas corresponden ao PXOM 2008 anulado).

Esta Administración descoñece se estas tres parcelas que resultan desta innecesiedade e cesión foron elevadas ao rexistro da propiedade para a súa inscrición, obriga recollida do propietario da parcela matriz, segundo se recolle no expediente.

As superficies das parcelas recollidas no acordo da XGL de 15 de abril de 2017 son:

PARCELA	MATRIZ	PARCELA 1	PARCELA 2	PARCELA 3
SUPERFICIE	1.219	426	423	370

### 1. SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN

En data 21 de febreiro de 2017, foi recibido escrito no que se solicitaba a modificación das superficies das parcelas derivadas deste expediente, e da superficie da parcela obxecto da Cesión ao Concello de Vigo, derivada do acordo municipal de 29 de abril de 2016.

Co escrito de solicitude foi presentado un plano no que se reflicten as tres parcelas con superficies diferentes ás que se recolleron no acordo de XGL e no acordo de



## Concello de Vigo

*cesión.*

*Foi notificada a propiedade coa solicitude de presentación dun plano topográfico actual, xa que o vial ao que se refire este expediente está executado e, polo tanto, as superficies, cotas e formas das parcelas que se pretenden modificar deben encaixar na realidade existente.*


*En data 18 de decembro de 2017 foi presentado plano topográfico das parcelas, asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. F. Javier Moreiras Remeseiro, tamén foi enviado por mail o plano en formato .dwg, comprobando a técnica que subscribe que o plano que se presenta encaixa no plano da cartografía oficial do Concello de Vigo (follas 10N e 11n), pero hai que ter en conta que o plano da cartografía do Concello non debuxa o vial, xa que no momento da súa elaboración este vial non estaba aínda executado.*

*Tamén foi comprobado o proxecto de urbanización do vial executado (expte Nº4105/401), e aínda que os planos non contan con formato editable, dedúcese a posición do vial, é dicir, da parcela de cesión, se corresponde co grafiado nos planos do proxecto de urbanización e da obra finalmente executada. Segundo o plano topográfico presentado as parcelas obxecto deste expediente de innecesiedade e cesión, teñen estas superficies:*

<b>PARCELA</b>	<b>MATRIZ</b>	<b>PARCELA 1</b>	<b>PARCELA 2</b>	<b>PARCELA 3</b>
SUPERFICIE	1.261	480	517	264

*A diferenza entre un e o outro cadro ven dada por dous erros:*


*- A superficie da parcela matriz que se debuxa na primeira versión é maior da que se recolle como superficie da parcela: foi dixitalizado o plano presentado na primeira versión, comprobando as cotas que se debuxaron e comprobouse que a superficie pechada pola liña da parcela matriz que se debuxa contén unha superficie de 1.329 m<sup>2</sup>, neste plan recóllese como superficie da parcela matriz 1.219 m<sup>2</sup>.*



*Na imaxe pódese ver a montaxe do plano que se achega no acordo e o plano topográfico achegado recentemente: en vermello a parcela matriz da primeira versión e en azul a parcela matriz do topográfico achegado recentemente. Aínda que*

nas cifras recollidas a primeira parcela matriz é máis pequena ca do topográfico, en realidade, a superficie que se debuxa é maior. A dixitalización e o topográfico son case coincidentes, agás na parte oeste, onde se ve que a parcela matriz debuxada na primeira versión contén máis superficie.

- Nos planos da primeira versión a posición do vial estaba case 4 metros desprazada cara ao oeste, tal e como se pode comprobar nas cotas recollidas nos planos da primeira versión e nas que se reflicten no plano topográfico (13 metros na primeira e 9,06 no topográfico). Tamén a posición da carretera Vilar difiere nunha e outra versión.



*Recorte do plano da primeira versión*

*Recorte do plano topográfico*

Á esquerda, reprodución de parte do plano da primeira versión, pódese observar a cota que pon "13,00", á dereita reprodución do plano topográfico coa cota "9,06" (o plano topográfico está montado sobre a cartografía oficial do Concello). O plano topográfico reflicte o vial xa executado e polo tanto a realidade existente. Por maior seguridade poderíase solicitar á Oficina de Cartografía unha comprobación do plano topográfico "in situ". Tamén a posición da estrada de Vilar é diferente nas dúas versións.

Así pois, tras a análise da documentación presentada ao longo do expediente e dos expedientes da urbanización do vial (expteNº4105/401 e 5013/401), e ao respecto das diferencias nas superficies das parcelas entre a primeira versión e a documentación agora presentada, pódese deducir:

- **O incremento da superficie da parcela 1, e, consecuentemente, da redución da parcela 3**, ven dado pola posición do vial, mal grafiado na primeira documentación presentada e que serviu de base para o acordo da XGL de 15 de abril de 2016 e posterior acordo de Cesión gratuita asinado pola propiedade e polo Concello, ademais de que as superficies recollidas na primeira documentación estaba mal superficialada.

- **O incremento da superficie da parcela 2 de vial**, e que foi obxecto do acordo de cesión, ven dado polo incremento da superficie recollida da parcela matriz (de 1.219





## Concello de Vigo

*m<sup>2</sup> a 1.261 m<sup>2</sup>). Isto ven dado porque a superficie que se recolleu en cifras no primeiro plano non se corresponde coa superficie contida pola liña de delimitación da denominada parcela matriz”.*

De todo o exposto, conclúese que o vial de nova apertura ao que se refire este expediente estaba xa executado, recibido e aberto ao tráfico, de ahí a solicitude que deu orixe a este expediente realizada con data do 03/03/2015 -doc. 150025684 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, para que se declarase a innecesariedade de licenza de parcelación da finca matriz e poder inscribir a división existente de facto no Rexistro da propiedade; non obstante en canto que NON constaba materializada a súa cesión efectiva ante esta Administración municipal, non estando polo tanto o vial inventariado, con data do 15/04/2016 pola Xunta de Goberno Local acordouse a aceptación da cesión gratuíta por parte de “Alvariño Inversiones, S L” ao Concello de Vigo, do terreo destinado a viario, afecto ao uso público de 423 m<sup>2</sup> e implícitamente declarouse a innecesariedade de licenza de parcelación, ao establecer que os seus efectos producen a división de facto do predio rexistral n.º 21.631, inscrito no Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo (Inscripción 6.ª, Tomo 2661, Libro 1432, Folio 205), ao ser atravesado polo devandito viario e a súa subsecuente cesión ao Concello de Vigo. Solicítase a rectificación do acordo adoptado alegando un erro na descrición das parcelas instando por tanto a subsanación e corrección das superficies descritas no documento de cesión asinado polas partes.

Neste senso, no informe da arquitecta municipal xefa de Planeamento e Xestión de data do 22/01/2018 comprobouse que na documentación achegada en primeiro termo e que serviu de base ao citado acordo da Xunta de Goberno Local de data do 15/04/2016 e posterior acta de cesión gratuíta asinada pola propiedade e polo Concello con data do 29/04/2016, existía un erro de grafiado do vial, ademais de estar a parcela matriz mal superficialada. É por isto que, **en canto que do que se trata é de reflexar a realidade existente para que teña acceso ao Rexistro da Propiedade, procede rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 15 de abril de 2016, únicamente no referente a estes aspectos, quedando o acordo redactado como segue:**

*”**Primeiro.-** Aceptar a cesión gratuíta rectificadora realizada por parte de “Alvariño Inversiones, S L” ao Concello de Vigo, do terreo destinado a viario, afecto ao uso público, cunha superficie de quinientos dazasete metros cadrados **-517 m<sup>2</sup>**, cuxos efectos producen a división de facto do predio rexistral n.º 21.631 inscrito no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo (Inscripción 6.ª, Tomo 2661, Libro 1432, Folio 205), ao ser atravesado polo devandito viario coa conseguinte cesión ao Concello de Vigo.*

***Segundo.-** Como consecuencia da cesión da porción de terreo para viario descrito no parágrafo anterior, incluído no “Proxecto de apertura e urbanización de vial na Avda. de Madrid, 197” definitivamente aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na sesión que tivo lugar en data do 18/06/1999, declarar a innecesariedade de licenza de parcelación da parcela matriz que queda dividida como segue:*

*-Parcela 1 (Ordenanza 2.2 D de industria xardín tamaño medio): Solo urbano, denominada “Ramona” e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de*

**480 m<sup>2</sup>**; que linda Norte-parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur-Alvariño Inversiones, S L; Leste- Parcela 2 de cesión para viario (rúa Barxa do Covelo); Oeste-Alvariño Inversiones, S L.

-Parcela 2 (cesión gratuíta con destino a viario): Solo urbano cualificado como sistema viario local previsto no PXOM, coa denominación Barxa do Covelo, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de **517 m<sup>2</sup>**; que linda Norte-Estrada vilar; Sur-rúa Barxa do Covelo; Leste-Parcela 3 (resto da parcela matriz, propiedade de Alvariño Inversiones, S L; Oeste-Parcela 1 (resto da parcela matriz propiedade de Alvariño Inversiones, S L.

-Parcela 3 (Ordenanza 1.3.D de edificación familiar en fileira de alta densidade): Solo urbano, coa denominación de "Ramona" e outros nomes, na parroquia de Lavadores, cunha superficie de **264 m<sup>2</sup>** que linda Norte-Parcela 2 de cesión para viario (Estrada Vilar); Sur-Alvariño Inversiones, S L; Leste-Josefa e Nieves Pereiro Figueroa e Leonardo Germade; Oeste-Parcela 2 de cesión para viario (rúa Barxa de Covelo).

**Terceiro.-** Convocar á entidade "Alvariño Inversiones, S L" á formalización da rectificación da cesión gratuíta realizada ao Excmo. Concello de Vigo, mediante a sinatura do correspondente documento administrativo corrixido, que será elevado ao Rexistro da propiedade para a inscrición en escritura pública das parcelas resultantes, dereitos, afeccións e cesións que se conteñan no referido documento, sendo de conta do cedente todos os gastos rexistrados que se orixinen; lembrándolle que de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e no Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 417/2006, deberá procederse á presentación no Catastro Inmobiliario de calquera declaración á que poida dar lugar o presente acto administrativo.

**Cuarto.-** Rectificar a cesión realizada, no Inventario Municipal de bens e dereitos, de conformidade co disposto no presente acto.

**Quinto.-** Dar conta da presente resolución rectificadora á oficina de Patrimonio e á oficina de Cartografía municipal.

**Sexto.-** Rectificar nos mesmos termos para a súa sinatura, o texto do acordo de cesión que se inseriu como Anexo do acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 de abril de 2016 que agora se rectifica".

### III. Inscrición no Rexistro da Propiedade.-

O artigo 29 do Real Decreto 1093/1997, dispón que "os terreos que en cumprimento das Leis teñan que ser obxecto de cesión obrigatoria, inscribíranse a favor da Administración actuante e para a súa afección ao destino previsto nos Plans de ordenación. Os terreos obxecto de cesión deberán estar libres de cargas salvo que a lexislación urbanística aplicable estableza outra cousa" e o artigo 30 deste mesmo corpo legal sinala que para a súa inscrición, requirirase que conste o acordo dos titulares rexistrados coa Administración actuante, formalizado en acta administrativa da que se expedirá a certificación correspondente ou en escritura pública, engadindo ademais que nas resolucións, actas ou escrituras mencionadas, poderán levarse a cabo as



## Concello de Vigo

segregacións ou modificacións hipotecarias que procedan, para a determinación rexistral da finca que é obxecto de cesión.

### IV. Competencia resolutoria.-

É órgano competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, consonte ao disposto no artigo 127.1 da LRBRL, por proposta do Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) dos Estatutos da XMU.

Asemade, será competente para a sinatura da acta de cesión rectificadora anexa ao acordo que se adopta a vicepresidenta da xerencia municipal de Urbanismo consonte ao disposto no artigo 5.1.e) dos Estatutos da XMU en relación coa resolución do Presidente da XMU de delegación do exercicio de facultades na vicepresidenta da XMU, de 6 de xullo de 2015 (resolvo primeiro, d)).

### PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a adopción do seguinte

### ACORDO

*PRIMEIRO: De conformidade co sinalado no informe da arquitecta xefa de Planeamento e Xestión de data do 22/01/2018, rectificar o acordo de aceptación e formalización de cesión para vial na Avenida de Madrid, núm. 197, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 15/04/2016, quedando redactado no senso establecido no fundamento II do presente acordo.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo á mercantil interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, a contar ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da notificación deste acordo”*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio o que estime mais oportuno.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 8/02/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(141).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez